Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/54	GOB18I00QG	
6D0D 2W3W 6R4M 2J41 15IQ ² 6D0D2W3W6R4M2J4115IQe » ² 6D0D2W3W6R4M2J4115IQe »		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:
D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:
TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

ULLA ROCHA, JORGE PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA **SR. INTERVENTOR ACCTAL.:** D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno por unanimidade, deulle a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO CON EFECTOS SUSPENSIVOS E RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DUNHA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CLUB DE XUBILADOS E PENSIONISTAS SANTA ICÍA (CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO ANO 2023).. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 21/05/2024 emitiu o informe para que a Conselleira Delegada de Participación Cidadá someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, que textualmente di:
***"Asunto**: Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial á concesión dunha subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, dentro da convocatoria de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2023 en réxime de concorrencia competitiva (PAR/22/2023).*
***EXPEDIENTE**: PAR/22/2023*

ANTECENDENTES:
Con data de 24/04/2024 a Xefa do Servizo Sociocomunitario emite informe-proposta de aprobación á concesión dunha subvención á entidade indicada no asunto (PAR18I01L).
Con data de 07/05/2024, a Intervención Xeral emite informe de reparo (ICO18I006H) á concesión de subvención municipal á entidade indicada no asunto, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que lle resulta de aplicación, reparo que terá efectos suspensivos ata que sexa solventado.
En relación ao incumprimento do principio de imputación temporal, ao imputar ao orzamento do ano 2024 gastos que deberían terse imputado con cargo ao orzamento do ano 2023, a causa de tal incumprimento é que ata o mes de xaneiro de 2024 non se resolveu o recurso interposto pola entidade (PAR18I003), o que é insubsanable.
Por outro lado, eméndanse as demais observacións realizadas pola Intervención Xeral que deron lugar ao reparo con efectos suspensivos.
FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Execución do orzamento en vigor.*
- *Convocatoria pública e bases reguladoras de concesión de subvencións e asociacións a outras entidades de ámbito municipal para o ano 2023.*

A Base 15ª das Bases de execución do orzamento en vigor, no apartado c) dispón:

"O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.
Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitas a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos (…) ."
Neste caso o órgano competente para a aprobación da concesión desta subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icia para o ano 2023 é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo aos créditos do orzamento en vigor.
A mesma Base establece:
"O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ao Pleno esixe os seguintes trámites:
a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación. b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto."
En base ao anterior, e tendo en conta que foron emendadas as observacións subsanables contidas no informe da Intervención Xeral de 7 de maio de 2024, de reparo con efectos suspensivos, a Xefa do Servizo Sociocomunitarios, propón á Concelleira Delegada de Participación Cidadá para que se someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno:

1º.- Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de aprobación de concesión de subvención e aprobación como recoñecemento extraxudicial de crédito, á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, dentro da convocatoria de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2023.
2º.- Aprobar a concesión da subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, para o ano 2023, por importe de 1.722,24€.
O importe da subvención aboarase nun único pago con carácter de anticipo prepagable a xustificar.
3º.- Aprobar como recoñecemento extraxudicial a concesión da subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, con cargo a aplicación orzamentaria 9240.48001, por un importe de 1.722,24€, sen que se impidan ou limiten a atención das

obrigas deste exercicio con cargo á mesma, non sendo necesaria a tramitación de expediente de modificación de crédito algún.
4º.- Autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, polo importe de 1.722,24€, e quedando supeditada á aprobación e entrada en vigor do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.
5º.- O beneficiario dispón dun prazo de 10 días dende a notificación da resolución da concesión da subvención para aceptación da mesma. Transcorrido o dito prazo sen que se producira manifestación algunha expresa, entenderase tacitamente aceptada.
6º.- Como a concesión foi acordada con posterioridade ao mes de decembro de 2023, a entidade beneficiaria terá un mes, contado dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, para presentar a xustificación.
7º.- Dada a información que obra no expediente, non foi ditada resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, nin foi acordada polo órgano concedente da mesma, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar aos beneficiarios, referidos á mesma subvención.
8º.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo."

Logo de ver o documento (PAR18I003Q), e visto o ditame favorable por maioría, con 7 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG) e 4 abstencióins (3 PP, 1 PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 20 de xuño de 2024, o seu presidente propón ao Pleno:

1º.- Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de aprobación de concesión de subvención e aprobación como recoñecemento extraxudicial de crédito, á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, dentro da convocatoria de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal para o ano 2023.
2º.- Aprobar a concesión da subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, para o ano 2023, por importe de 1.722,24€.
O importe da subvención aboarase nun único pago con carácter de anticipo prepagable a xustificar.
3º.- Aprobar como recoñecemento extraxudicial a concesión da subvención á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, con cargo a aplicación orzamentaria 9240.48001, por un importe de 1.722,24€, sen que se impidan ou limiten a atención das obrigas deste exercicio con cargo á mesma, non sendo necesaria a tramitación de expediente de modificación de crédito algún.
4º.- Autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga á asociación Club de Xubilados e Pensionistas Santa Icía, polo importe de 1.722,24€, e quedando supeditada á aprobación e entrada en vigor do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.
5º.- O beneficiario dispón dun prazo de 10 días dende a notificación da resolución da concesión da subvención para aceptación da mesma. Transcorrido o dito prazo sen que se producira manifestación algunha expresa, entenderase tacitamente aceptada.
6º.- Como a concesión foi acordada con posterioridade ao mes de decembro de 2023, a entidade beneficiaria terá un mes, contado dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, para presentar a xustificación.
7º.- Dada a información que obra no expediente, non foi ditada resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, nin foi acordada polo órgano

concedente da mesma, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar aos beneficiarios, referidos á mesma subvención.
8º.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo."
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 10 A favor
PP: 6 abstencións
BNG: 3 A favor
PSdeG-PSOE: 2 A favor

3 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A xerente do Padroado de Cultura do Concello de Narón, en data 10 de xuño de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, o informe-proposta que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA QUE SE EMITE EN RELACIÓN AO APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.14 REGULADORA DE TAXAS POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA

De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, d0 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME PROPOSTA
ANTECEDENTES
Con data 23 de abril de 2024 á Xunta do Padroado de Cultura aprobou a modificación da ordenanza fiscal N. 14 reguladora de Taxas do Padroado de Cultura co seguinte texto:
NORMATIVA DE APLICACIÓN
Real-Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas.
Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de réxime Local (LBRL)
Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
Estatutos do Padroado de Cultura aprobado polo Concello Pleno de data 29.12.2011 (Bop da Coruña n. 47 de 8 de marzo de 2012)

INFORME

Tendo en conta o informe da dirección técnica (CUL18I1DB), de data 12/04/2024, sobre a proposta de modificación da Ordenanza núm. 14 do Padroado da Cultura do Concello de Narón, que transcrito literalmente di así: **"***Logo de ver a necesidade de modificación da Ordenanza deste Padroado, dado que esta non sufre variacións dende o ano 2014, o que supón un grave déficit nos ingresos do Padroado ao ter experimentado un incremento o IPC por encima do 24%, o que fai necesario a aprobación do inicio de expediente para a tramitación da súa modificación.*

Polo anteriormente exposto, dende esta dirección técnica, proponse:

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente para a modificación da Ordenanza fiscal núm. 14 do Padroado da Cultura do Concello de Narón.
SEGUNDO.- Ordenar aos servizos administrativos do Padroado emitan canto estudio, ditame e trámite sexa preciso para a adopción do acordo.
TERCEIRO.- Propoñer á Presidencia para que eleve á Xunta do Padroado para o seu estudo preliminar a seguinte proposta de modificación:

"ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA

ARTÍGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

O abeiro do previsto na Lei reguladora das facendas locais este concello establece a taxa pola prestación de servicios do Padroado da cultura, que se a rexer pola presente ordenanza.

ARTÍGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos públicos do Padroado de cultura especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTÍGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos do Padroado de cultura que constitúan o feito impoñible da taxa.

ARTÍGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboradores na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.
3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.

ARTÍGO 6. COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

A) Tarifa primeira:	
A.1 Matrícula por curso nas escolas: teatro, debuxo, danza, gaita e percusión e outras.	*70,00 €*
A.2 Matrícula por curso de bailes de salón	*35,00 €*
A.3 Matrícula por campamentos de verán	*80,00 €*

B) Tarifa segunda:	
a) Entradas ás diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura feitas por profesionais, no Pazo da Cultura:	
➢ *Adultos*	*9,50 €*
➢ *Menores de 14 anos*	*5,50 €*
➢ *Carné xove ou estudante ata 25 anos (30% de desconto sobre a tarifa de adultos) e desempregados*	*6,65 €*
b) Entradas ás diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura feitas por profesionais, no Auditorio Municipal:	
➢ *Adultos*	*7,50 €*
➢ *Menores de 14 anos*	*4,50 €*
➢ *Carné xove ou estudante ata 25 anos (30% de desconto sobre a tarifa de adultos) e desempregados*	*5,25 €*
c) Entradas para campañas escolares:	*2,50 €*
d) Entradas a outras representacións ou concertos con carácter excepcional, segundo caché:	
Tarifa A	*12,00 €*
Tarifa B	*14,00 €*
Tarifa C	*16,00 €*
Tarifa D	*18,00 €*
Tarifa E	*20,00 €*
Tarifa F	*24,00 €*
Tarifa G	*28,00 €*
Tarifa H	*35,00 €*
e) Bono para as diferentes representacións organizadas polo Padroado da Cultura: *No momento da súa adquisición farase unha recarga mínima de 30,00€ podendo ampliar esta contía en función da súa utilización. Os posuidores do bono terán un desconto do 30% en todas as actuacións organizadas polo Padroado da Cultura, así como a obriga de utilizar o bono como mínimo unha vez por trimestre.*	
f) As tarifas do A ao H para espectáculos organizados polo Padroado da Cultura terán una bonificación dun 30% de desconto para parados, menores de 14 anos, posuidores de carné xove e estudantes ata 25 anos.	

C) Tarifa terceira:	
Matrícula para o 2º ciclo da Escola Profesional de Teatro, por cada curso. (2º e 3º curso)	*220,00 €*

D) Tarifa cuarta:	
Utilización de auditorio Utilización de auditorio para a realización de actos por entidades con fins mercantís ou profesionais:	
a) Auditorio- incluíndo exclusivamente servizos de limpeza e portaría	*524,30 €*
b) Auditorio- Incluíndo servizos técnicos adicionais (son…)	*944,00 €*
E) Tarifa quinta: utilización do Pazo da Cultura	
Utilización do Pazo da Cultura para a realización de actos por entidades con fins mercantís ou profesionais:	
a) Pazo da Cultura- incluíndo os servizos técnicos cos que conta o concello Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas	*1.476,00 € acto/ día*
b) Por utilización do vestíbulo para eventos/día *Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas*	*209,70 €*
c) Por utilización do vestíbulo para exposicións/día (Mínimo 10 días) *Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas*	*30,50 €*
d) Por utilización do Café- Teatro/ día *Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas*	*419,50 €*
e) Por utilización da platea co equipamento técnico co que conta o concello/ día, en	*1.153,50 €*

representacións ou concertos cunha entrada ata un prezo máximo de 12 € *Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas*	
f) Por utilización da platea co equipamento técnico co que conta o concello/ día, en representacións ou concertos cunha entrada dun prezo superior a 12€, sendo o pago mínimo 500,00€ (cando o 15% da recadación non chegue a esta cantidade). *Horario: De 08:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas.*	*15% da recadación total*

ARTÍGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. A xunta reitora do Padroado municipal da cultura de Narón fixará os períodos hábiles durante os cales os alumnos poden solicitar a súa matriculación nas disciplinas e cursos dos programas que respectivamente se impartan. Os alumnos pagarán, no momento de solicitar a súa matrícula, a taxa correspondente ao número de disciplinas e cursos polos que desexen recibir ensinanza.

2. A xunta do padroado poderá acordar a subvención ata o 100 % das tarifas previstas para estas taxas cando, en atención o carácter social, cultural, benéfico ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa realización.

O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes.

3. As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios ós que se refire o apartado anterior, instaranos ó presidente do Padroado de cultura acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión.

4. O pago da matrícula correspondente a tarifa terceira poderá ser fraccionada en dous prazos do 50% cada un deles.

5. O pago da matrícula correspondente á tarifa primeira (apartado A.1) poderá ser fraccionada en dous prazos do 50% cada un deles cando na unidade familiar se realicen 3 ou máis matrículas.

6. Terán unha bonificación dun 70% e dun 85% das tarifas 4ª e 5ª contempladas na Ordenanza reguladora da taxa por servizos prestados polo Padroado da Cultura para o uso do Auditorio e do Pazo da Cultura polas entidades sen ánimo de lucro pertencentes a Narón e que estean inscritas no seu censo, e que así o soliciten, o que será autorizado pola Presidencia deste Padroado. A bonificación dun 70% será para actos nos que se cobre entrada e a dun 85% para actos públicos e gratuítos.

DISPOSICIÓN FINAL.

*A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expres*a.”

Constatado o incremento de costes producido nos 10 últimos anos (2014-2024), resulta imprescindible para o mantemento dos servicios prestados dende o Padroado de Cultura, incrementar as taxas correspondentes aos devanditos servizos

Corresponde ao Padroado de Cultura (artigo 3. Letra q dos seus Estatutos) , *“a Proposta de imposición, modificación e supresión dos tributos propios e de aprobación das correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes, sen prexuízo de levalo ao Pleno do concello para a súa aprobación definitiva.”*

E polo que, unha vez aprobado pola Xunta do Padroado, corresponde ao Concello Pleno a súa aprobación, e polo que se propón a esa Alcaldía-Presidencia, eleve ao Concello Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO: Aprobar con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura nos termos do presente acordo
SEGUNDO: Expoñer ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL por un prazo de 30 días hábiles #a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
TERCEIRO: No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da ordenanza fiscal".
Á vista deste informe-proposta, e visto o ditame favorable por maioría, con 5 votos a favor de TEGA e 6 abstencións (3 PP, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 20 de xuño de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción da seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO: Aprobar con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura nos termos do presente acordo.
SEGUNDO: Expoñer ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do TRLHL por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
TERCEIRO: No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no boletín oficial da provincia en unión do texto íntegro modificado da ordenanza fiscal".

DEBATE

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos. Traemos esta ordenanza que aínda que xa foi debatida e discutida tamén na Xunta do Padroado de Cultura pois tamén a traemos a comisión e a traemos a este Pleno. En principio é unha actualización ou un incremento debido tamén ao aumento dos servicios de todos os aspectos do concello onde non deixa de.. na parte da cultura, tamén de incrementar eses servizos entonces seguramente é unha adaptación desta ordenanza con pequenas subidas dalgunhas das actividades que aquí se detallan.
E por aclarar un dos puntos que se preguntaron na comisión, que dentro da tarifa E) que había unha diferenza dos 10… no punto E), no punto F), a parte correcta é que é un prezo máximo de 12 euros ou superior a 12 euros. Había aí ese desfase, de 10 a 12 euros que se presentou dentro da comisión, enton bueno, era un erro e que simplemente está corrixido xa nesta sesión plenaria.
Moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: boa tarde. Grazas Sra.alcaldesa.

O partido socialista vai votar en contra. Vai votar en contra porque esta suba quen a vai asumir vai ser a economía das persoas traballadoras. E decimos esto porque a suba vai encamiñada principalmente as escolas infantís, as entradas escolares e sobre todo aos campamentos. Estamos falando dunha suba que en conxunto, só con esas tres subas, estamos falando que é superior ao 20%.

Sra.alcaldesa, vostede ten que xestionar e ten que xestionar para que as familias non se vexan prexudicadas. Non podemos perder 2 millóns de euros en subvencións e como solución subir impostos. Porque é a receta máxica que fai TEGA. Así goberna calquera a base de subir impostos. E que sexa a cidadanía e a veciñanza a que pague a mala xestión pois goberna calquera.

O que lle reclaman os veciños Sra.alcaldesa, é que cos 2 millóns que están previstos no orzamento de todos os anos para o Padroado de Cultura, máis o suplemento de medio millón que lle temos que meter e que polo menos os veciños e veciñas non teñan que pagar. E que non teñan que pagar abusivamente. E decimos abusivamente e nos chama poderosamente a atención, a modificación que se plantexa por parte do goberno de Terra Galega, porque as entradas que veñen alteradas porque realmente a xestión e o peso, neste caso a suba, vai sobre as familias e sobre todo, o que lle reclamamos Sra.alcaldesa, é que retire este punto da Orde do Día.

E retire este punto da orde do Día en base ao R.D. 128/2018 e xa lle anuncio que se realmente é aprobada, este grupo municipal vai presentar unha reclamación.

-Sr. alcaldesa: sometemos a votación, non sei se queredes facer algunha intervención antes de someter a votación se queda enriba da mesa ou no este punto. Facedes intervencións primeiro?
Seguimos coas intervencións entonces. Logo ao final votaremos se se retira ou non o punto da orde do Día.
Aclarar unha cousa tamén, por se alguén non o sabe. Este punto foi tratado na Xunta do Padroado. Que nós entendemos que neste caso, é onde se ten que tratar. É decir, e alí estaban todos os membros dende a Xunta do Padroado, onde hai distintas asociacións e onde se puxo de manifesto o que se puxo alí. E as aclaracións que se deron vamos. Algunha intervención máis?

-Sra.Mosquera Puentes: grazas. Boa tarde.
Bueno, como falamos tanto o BNG, tanto na Xunta do Padroado que se refería a alcaldesa, como na comisión da pasada semana a subida que reciben as taxas para nós non é unha considerable subida, xa que estamos a falar dun promedio de entre 50 e 80 céntimos en cada taxa, no. Desas escolas do Padroado da que fala o concelleiro do PSOE.
De todos xeitos, pensando que non son caras, sí que quería reflexar que cando se falou da taxa dos campamentos non só é esto, senón que hai unha subida encarecida deste prezo, tendo en conta que estas van a ser as mesmas condicións de ratio por monitor, actividades, instalacións e demais.

De todos os xeitos, eu espero que ogallá estas modificacións e as próximas se reflexen nun aumento dos meses de impartición de aulas, porque así se melloraría as condicións profesionais de todos os contratados como fixos discontinuos, que traballan nesas escolas durante 8 meses do ano. Poñéndose na obriga de que todos os anos se sometan a solicitudes de prestacións de desemprego e doutro tipo. Nós cremos que esas taxas son xustas porque estamos falando dunha media no caso das escolas, de 8,75 ao ano, entonces consideramos que neste caso, o noso voto vai ser a abstención. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, referente a este asunto, creo que non son tempos de subir tarifas, pero neste caso o que debemos resolver é a proposta que fixo o partido socialista. Creo que é o primeiro que temos que determinar e a partir de aí, bueno, pois vemos se queda enriba da mesa ou si continuamos. Dende logo nós non estamos a favor de que se suban as tarifas da forma en que se están subindo. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, ía decir unha expresión. "Yo de mayor quiero ser como el PSOE" . Si dixera unha xustificación como por exemplo: "*a normativa da Unión Europea que a partir de 2025 permite dimensionar as taxas públicas de prestación de servicios para poder recadar o custo real dos mesmos"*. Faise para poder manter o nivel dos servicios e unha actualización porque estaban conxelados dende hai xa moitos anos. Seguramente se nós explicaramos esto, seguramente nos dirían que no, igualmente que é unha xustificación indebida ou que é a política que fai Terra Galega de mala xestión e demais. Pois esto, xustamente esto, son xustificacións que o partido socialista este ano, utilizou para subir impostos: Bergondo, Betanzos, Culleredo, Vigo, A Coruña ou casos como por exemplo, subidas en concellos como Vigo do IBI, IAE, lixo, imposto de circulación, vados, servicios de grúas, alcantarillado, depuración.

O concello da Coruña subidas das 17 das 29 ordenanzas que ten o seu concello. E ven aquí a darnos lecciónns de cómo deberíamos facer, que Terra Galega deberíamos aprender a xestionar, cando o partido socialista en todos estes concellos incluídas esas grandes 2 cidades, aproveitou este ano mentres as súas circunstancias políticas o poden facer para subir todas esas ordenanzas.
Non sexamos hipócritas, non manteñamos o discurso de paralización constante e permanente que é o que pretenden neste concello e sexan o máis realistas posible e consecuentes coas súas políticas que levan noutros concellos. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Por alusións: creo que cando te refires que de maior queres ser como o partido socialista, creo que te refires a ser coma min. Supoño que para ser coma min, supoño que te estás referindo a que pasarías pola facultade, estudiarías Dereito, graduariaste, farías un master, outro master, e aínda por riba levarías 10 anos de servicio.

Mira, non estou falando de ningunha directiva da Unión Europea. Estou falando do R.D. 128/2018. Son moi claro. Ti coñecelo? Deberías. Deberías coñecelo porque atinxe precisamente ao que hoxe se está discutindo. E o partido socialista está sendo responsable, e está pedindo que se retire o punto do orde do día, precisamente este expediente para que se aporten os documentos e os informes que é preceptivo que teñen que figurar neste expediente.

Cada un que vote coa responsabilidade que queira, pero che advirto unha cousa Román, o descoñecemento da lei non exime de responsabilidade.
E se non, cho digo eu. Cada un que vote en conciencia. O partido socialista hoxe vai actuar responsablemente co pobo de Narón porque de todos eses concellos dos que ti fas mención, de todos eses concellos seguramente estaban precisamente os informes aos que estou facendo alusión. Nada máis.

-Sra.Mosquera Puentes: bueno, nós non imos a entrar na discusión esta que está facendo o partido socialista co partido do goberno, pero bueno, nós baseámonos sempre nos informes que os técnicos municipais presentan para realizar estas subidas, e nas preguntas realizadas na

Xunta do Padroado de Cultura. De todos os xeitos sí que nos gustaría pedir ao goberno, que sabemos que vai rectificar o erro cometido que se cobrou pola taxa das escolas municipais nos pasados fines de curso, por estas escolas, a principios do mes de xuño, entonces bueno, que nos expliquen un pouco como se van facer esa devolución e pola nosa parte, non moito máis.

De todas formas saliantar que o traballo da xente que está… tanto de técnico como dos profesionais docentes nos deixan entrever que estas subidas deberían de ser máis acaídas, neste momento despois de máis de 10 anos de paralización da taxa. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: algunha intervención? Pois entonces imos a votar se queda enriba da mesa.

Intervención Secretario Xeral: Por mín se pregunta ao Sr. Concelleiro se se está a referir ao Real Decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos habilitados nacionais e cal é o informe dun habilitado que non se incorpora ao expediente, respostando aquel que si se refire a esa norma e que falta o informe da Interventora. Respóndese por mín que existe un informe do Interventor delegado desa funcionaria no expediente e consta un informe xurídico cunha nota de conformidade deste Secretario, facendo constar que o Sr. Interventor accidental pode informar in voce o que proceda neste punto.

O Sr. Interventor Acctal toma a palabra e di que a delegación da Intervención no Interventor delegado do Padroado, exténdese a todas as funcións e que, precisamente coa modificación introducida por ese Real Decreto, a Sra Interventora xa non ten que informar as ordenanzas fiscais, senón que as informa el mesmo, limitándose a Sra. Interventora a informar o cumprimento da estabilidade orzamentaria que é o que lle di a norma.

-Sra.alcaldesa: pasamos entón a votar se se retira da orde do Día ou no.

VOTACIÓN DE QUE QUEDE SOBRE A MESA ESTE PUNTO .- O Concello Pleno, por maioría, acorda non deixar este punto enriba da mesa coa seguinte votación:
TEGA: 10 En contra
PP: 6 A favor
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 A favor

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 10 A favor
PP: 6 En contra
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 En contra

4 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE NARÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA A CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DE SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto informe-proposta da Secretaría xeral do Concello de data 11 de xuño de 2024, que literalmente transcrito di:

"INFORME-PROPOSTA

EXPEDIENTE: GOB/2024/46
ASUNTO: ACORDO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE NARÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA A CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DE SERVIZOS POSTAIS E TELÉGRAFOS

Recibida comunicación da Federación Galega de Municipios e Provincias, relativa á posible adhesión do Concello de Narón á Central de Contratación, aprobada por acordo da Comisión Executiva de data 21 de maio de 2024, dese organismo, para a licitación dos servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público e a fin de darlle continuidade á prestación dos servicios postais e telegráficos conveniados desde o ano 2010 con esa entidade, resulta necesario proceder á efectiva adhesión do Concello de Narón á devandita Central de contratación.

Polo anteriormente exposto, se eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Pleno, previo ditame da Xunta de Portavoces a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Formalizar a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP para a contratación centralizada de servizos postais e telegráficos, cuxo acordo de adhesión se transcribe a continuación:

"ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE

CONTRATACIÓN DA FEGAMP

ANTECEDENTES

***PRIMEIRO**: A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.*

***SEGUNDO**: A entidade Concello de Narón ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.*

*Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o Concello de Narón, segundo as normas de réxime local, **ACORDA:***

***1º.-** Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.*

***2º.-** Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.*

3º.- *Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.*

4º.- *Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Narón obrígase a:*

a) Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

A persoa designada é:

NOME: Dª María del Carmen Carballeira Martínez

CARGO: Técnica de Xestión de Secretaría

Teléfono: 981 33-77-00

Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.

b) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.

c) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

d) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).

Oficina Contable REXISTRO DE FACTURAS - LA0002628	Órgano Gestor CONCELLO DE NARÓN - L01150546	Unidad Tramitadora NEGOCIADO SECRETARIA –LA0002338 (FACTURAS CONCELLO NARON)
Oficina Contable REXISTRO DE FACTURAS - LA0002628	Órgano Gestor CONCELLO DE NARÓN - L01150546	Unidad Tramitadora GABINETE ALCALDIA -LA0002129 (FACTURAS XULGADO DE PAZ NARÓN)

e) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- *Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.*

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

En proba de conformidade, ***ASINAN*** *electrónicamente o presente Acordo de Adhesión*

Fdo.: Alcaldía/Presidencia ***Fdo.: Secretaría"***

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á FEGAMP para os efectos oportunos."

Visto informe emitido polo Secretario Xeral do Concello en data 11 de xuño de 2024.

Visto informe emitido pola Interventora municipal en data 17 de xuño de 2024, no que, entre outras consideracións, indícase o seguinte:

"SEXTO. *Entre a documentación requirida para a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP, requírese a certificación da existencia de crédito igual ou superior aos consumos postais e telegráficos correspondentes ao exercicio anterior ao documento de adhesión e o compromiso de reserva do crédito correspondente.*
Tendo en conta o anterior, requiriuse un informe á técnica de xestión de Secretaria sobre a estimación dos custos dos servizos postais e telegráficos do Concello de Narón, que se emitiu o 13/06/2024 (GOB18I00N7), segundo o cal:
"(...) O ***importe total*** *dos gastos estimados para os servicios postais e telegráficos do Concello e do Xulgado de Paz para o que resta de ano serían* ***24.000*** *euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 9200-22201 e 9202-22201 respectivamente."*

En base ao cal verifícase a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente para o que resta do ano 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 9200.22201 por importe de 22.000,00 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 9202.22201 por importe de 2.000,00 euros (RC: 220240008087, por un importe total de 24.000,00 euros). Non obstante, tendo en conta que no anuncio previo da licitación publicado na Plataforma de Contratación del Sector Público non se especifica o prazo de duración da dita licitación, nos orzamentos dos anos 2025 e seguintes deberán dotarse os créditos necesarios para facer fronte á dita licitación e á futura adxudicación, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da dita licitación que corresponda nos anos 2025 e seguintes."

Esta Alcaldía, visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces do 21 de xuño de 2024, propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:
PRIMEIRO. - Formalizar a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP para a contratación centralizada de servizos postais e telegráficos, cuxo acordo de adhesión se transcribe a continuación:

"ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE

CONTRATACIÓN DA FEGAMP

ANTECEDENTES

PRIMEIRO*: A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.*

SEGUNDO*: A entidade Concello de Narón ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.*

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o Concello de Narón, segundo as normas de réxime local, ***ACORDA:***

1º.- *Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.*

2º.- *Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.*

3º.- *Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.*

4º.- *Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Narón obrígase a:*

a) Designar un órgano ou persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).
A persoa designada é:
NOME: Dª María del Carmen Carballeira Martínez
CARGO: Técnica de Xestión de Secretaría
Teléfono: 981 33-77-00

b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.

c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.

d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).

Oficina Contable REXISTRO DE FACTURAS - LA0002628	Órgano Gestor CONCELLO DE NARÓN - L01150546	Unidad Tramitadora NEGOCIADO SECRETARIA –LA0002338 (FACTURAS CONCELLO NARON)
Oficina Contable REXISTRO DE FACTURAS - LA0002628	Órgano Gestor CONCELLO DE NARÓN - L01150546	Unidad Tramitadora GABINETE ALCALDIA -LA0002129 (FACTURAS XULGADO DE PAZ NARÓN)

f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- *Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.*

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

En proba de conformidade, ***ASINAN*** *electrónicamente o presente Acordo de Adhesión*

Fdo.: Alcaldía/Presidencia ***Fdo.: Secretaría”***

SEGUNDO. - Remitir o presente acordo á FEGAMP para os efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 º.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DO MEDIO AMBIENTE COSMA, S.A. . -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contará cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.
Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.
O artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás reglas que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión, mentres que o artigo 11, apartado k) determina como atribución da Xunta Xeral de accionistas, a aprobación das contas anuais e o informe de xestión, e resolución sobre a aplicación do resultado de cada exercicio.
Por todo o exposto, e visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (2 TEGA, 1 BNG) e 2 abstencións (1 PP, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, esta Alcaldía, propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón na vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercicio da seguinte atribución:
1º).- Exame e aprobación, se procede, das Contas Anuais e da proposta de aplicación do resultado, correspondentes ó exercicio pechado o 31 de decembro de 2023.
SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: Grazas alcaldesa,
Cada día esta mais complicado, e temos menos motivos para poder votar a favor dos asuntos que teñen que ver coa empresa Cosma.
Non vemos ningún interese por parte da empresa e do goberno de Narón en que as cousas cambien.
Cada día que pasa temos peor servizo e non vemos que estén facendo nada por melloralo.
Si para un asunto de salud pública botan dous meses para empezar a solucionalo, cando e dun servizo directo de Cosma.
Non ai un control nas obras….. en Ferrerías, como lles dixen levan máis de 2 meses con un verquido de augas fecales, xa contaminaron un pozo e detrás de ese chegaran o resto que están nese rueiro.

Esperemos que resolvan o problema e no queiran arreglar o asunto desviando as augas para outras fincas co risco de que poidan chegar ao río Xuvia.

-Sra.Ledo Díaz: ben, pódenos preocupar Cosma, a nós tamén nos preocupa e non votamos en contra dunha suba dunha taxa. Por certo, dunhas obras de interese xeral de saneamento que votou o Partido Popular a favor, e que agora estamos pagando todos no noso recibo da auga dende hai anos. Moitas grazas por esa suba da taxa. O que non entendemos de verdade é que agora, neste punto que estamos, que é dar a alcaldesa para que se poida reunir e ser a voceira e as decisións que alí se tomen non van recaer sobre o resto do pleno, para eso está a alcaldesa.
Non entendo que queramos falar de cousas que non ten que ver o caso, porque ademais haberá que traballalas doutra maneira; e por suposto que nos preocupa o de Ferrerías ao BNG, e por suposto que nos preocupa esa suba da taxa que pagamos todos e todas, repito, cos votos do Partido Popular e de Terra Galega dende hai anos, e aquí o único que se está decindo é nomear alcaldesa para que vaia a Xuntas Xerais que é certo que como alcaldesa o terá que facer. Entonces de verdade, eh, hai cousas neste pleno que cada vez entendo menos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, acabo de comprobar que cambiou de portavoz TEGA e eso é importante, é importante sabelo.
É preocupante o que está pasando en Cosma, estamos co tema de Cosma e creo que teño dereito ao meu espazo para falar, Sra.Olaia. Xa vecho que lle preocupa moito o que sucede con TEGA. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: eu agradecería que o populismo do Partido Popular en Narón, na Xunta de Galicia, no Estado e tamén por desgraza, no Parlamento Europeo, onde pacta coa ultradereita, se ciñera a decir que é o que estamos votando agora mesmo neste punto. Por eso digo que as hipocresías…. por eso que votaron vostedes a suba da taxa con Terra Galega e que só o BNG votou en contra; por certo, que saiu coa abstención do partido socialista, que nos veñan agora aquí a dar leccións de moralidade e ética cando vostedes o que coñecen son as portas xiratorias.

-Sra.alcaldesa: vou a ler por si acaso ten algunha dúbida, cales son os puntos que creo que leu maravillosamente o Sr.secretario, que creo que se entendeu pero por si acaso: "*Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón na vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercicio da seguinte atribución:*
1º).- Exame e aprobación, se procede, das Contas Anuais e da proposta de aplicación do resultado, correspondentes ó exercicio pechado o 31 de decembro de 2023.

E segundo, autorizar á Sra. alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo."

É do que estamos a falar. Pasamos a votar.

<u>VOTACIÓN E ACORDO.-</u> O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 10 A favor

PP: 6 Abstencións
BNG: 3 A favor
PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

INCIDENCIA: Sae a Sra. Novo Mouriz ás 19:28´e volta ás 19:30´.

6 º.- PROPOSTA PARA A CONCESIÓN/DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓNS DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2023.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 18 de xuño de 2024, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

"**ASUNTO:** Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da concesión/denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2023.

ANTECEDENTES

Por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro de 2023 (DEP17I0GJ) aprobouse as bases e a convocatoria pública de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2023, publicadas no BOP da Coruña nº 195, do 11 de outubro de 2023.

A Intervención Xeral toma razón desta resolución con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48001, con documento contable A=220230015891.

Con data 29 de decembro de 2023 aprobouse por Resolución de Alcaldía a xustificación das subvencións concecidas a Clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2022, polo que foi imposible aprobar a concesión e denegación das subvencións aos clubs, e entidades deportivas correspondente ao ano 2023 no mesmo ano da súa convocatoria.

Polo que tendo en conta o exposto anteriormente non foi posible a resolución do expediente que nos ocupa a 29 de decembro de 2023, último día laborable do ano en cuestión.

Na Base sétima da convocatoria establecese que será a Alcaldía, a proposta do órgano instrutor, e previo informe da Comisión de Valoración, o órgano competente para acordar a aprobación ou denegación das subvencións en cuestión.

Na dita Base tamén se establece que o prazo máximo para resolver, e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Na Base décima da convocatoria establecese que o prazo máximo para presentar a xustificación será o día 31 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que a resolución do dito expediente, polo exposto anteriormente, non foi posible a 29 de decembro de 2023, este terá a súa resolución, debido aos trámites que conleva o procedemento a seguir, no exercicio 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- RDL 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da cita Lei.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Bases que rexen a convocatoria de concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal aprobadas por Resolución da Alcaldía o 25 de setembro de 2023, e publicadas na **Base de datos Nacional de Subvencións** o día 06 de outubro de 2023, e no Boletín Oficial da Provincia en data 11 de outubro de 2023.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón
- Bases de execución do orzamento en curso
- Informe xurídico de data 28 de xuño de 2023

A Base 15º das Bases de execución do orzamento do en vigor, no apartado c) dispón:

"O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdense polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal de créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gastos debidamente adquiridos (…)."

A tramitación desta concesión de subvencións deberá cumprir co establecido, para os recoñecementos extraxudiciais de crédito, na Base 15 das Bases de Execución do orzamento en vigor, por corresponder a unha convocatoria do exercicio 2023, que é resolta no exercicio 2024.
O órgano competente para a aprobación da concesión de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2023, é o Pleno, por ter que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo aos créditos do orzamento en vigor.
A mesma base establece:
"(…) c) (…) Noutro caso, o expediente de recoñecemento extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos. (…)"
En base ao anterior, co dito recoñecemento extraxudicial para a aprobación da concesión das subvencións en cuestión, deberá tramitarse previa o simultaneamente o correspondente expediente de modificación de crédito: suplemento de créditos, para dar cobertura ao gasto que corresponda, quedando polo tanto condicionado á aprobación, e entrada en vigor do correspondente expediente de modificación de créditos.
Con data 03 de abril de 2024, a xefa substituta da Sección do servizo de Deportes emite informe (DEP18I03S), solicitando o suplemento, por expediente de modificación de créditos, da aplicación orzamentaria 3410.48001.
Con data 17 de xuño de 2024, a Xefa da sección do servizo de Deportes, , emite memoria xustificativa (DEP18I0105) indicando que a concesión/denegación de subvencións deberá tramitarse como recoñecemento extraxudicial de créditos, e previa o simultaneamente deberá tramitarse o correspondente expediente de modificación de crédito: suplemento de créditos, para dar cobertura ao gasto que corresponda, quedando polo tanto condicionado o dito recoñecemento á aprobación, e entrada en vigor do correspondente expediente de modificación de créditos.
Con data 17 de xuño de 2024, o servizo de Deportes remite, para a súa fiscalización, informe-proposta de concesión/denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023.
A Intervención Xeral, con data 18 de xuño de 2024, emite informe de reparo ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión e denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2023 en réxime de concorrencia competitiva, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación, tendo o reparo efectos suspensivos ata que sexa solventado.
O artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece: "1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, judicial o territorial lo hagan conveniente. (…) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acuerdo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (…)"
En base ao anterior, e tendo en conta que non foi posible a resolución do expediente no exercicio 2023 polo motivo exposto, e tendo en conta o ditame da Comisión de Valoración, a funcionaria que subscribe, Marina Sueiras Rodríguez, Xefa da Sección do Servizo de Deportes, propón á Alcaldía para que se someta a ditame da Xunta de Portavoces, para posteriormente elevar ao Concello Pleno:
1.- Avocar a competencia delegada na Alcaldía do Concello de Narón para elevar á Xunta de Portavoces a proposta de levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da concesión/denegación de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2023.
2.- Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a concesión/denegación de subvencións municipais a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva.
3.- Aprobar a asignación, e a contía a xustificar, ás entidades, e clubs que de seguido se relacionan, tendo en conta a información que obra no expediente acreditativado cumprimento de todos os requisitos necesarios, das seguintes subvencións, con cargo á partida 3410-48001, ascendendo a contía total concedida a 63.036,13 €.

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE /CLUB	C.I.F.	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A XUSTIFICAR
DEP/64/2023	Club Ciclista Narón	…….	6.003,49	32.384.76
DEP/69/2023	Club Padel Narón	…….	5.717,54	11.435,08
DEP/70/2023	Club de Baile Fusión Dance	…….	1.141,45	10.963,87
DEP/71/2023	Club Baile Deportivo un	…….	2.173,66	12.163,40

	paso adelante			
DEP/72/2023	Club Fútbol Estrella	…….	4.612,21	14.292,02
DEP/73/2023	Club Hockey Narón	…….	206,64	4.639,00
DEP/74/2023	Club Pesca Deportiva Surfcasting Narón	…….	1.265,27	12.233,37
DEP/75/2023	Club Cazadores A Faisca	…….	1.609,47	8.604,58
DEP/76/2023	Club de Haleterofilia Gaman	…….	506,03	2.831,27
DEP/77/2023	Club Dalle Gas Running Team	…….	619,04	2.915,20
DEP/78/2023	Unión Colombofila Mariñas Altas	…….	1.025,12	5.426,54
DEP/79/2023	Club Pasa ou Entorna	…….	1.636,84	3.520,92
DEP/80/2023	SDRC O Freixo Narón	…….	22.882,27	61.909,92
DEP/82/2023	Club Fútbol Sala Narón	…….	5.699,13	15.020,00
DEP/83/2023	Club Tiro Olimpico El Castro	…….	7.937,97	48.000,00

TOTAL SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS	**63.036,13**

Faise constar que a entidade con número de expediente DEP/69/2023 Club Padel Narón, aínda que por baremo lle corresponde a cantidade que se sinala a continuación, esta aminorase ao superar o 50% do orzamento presentado pola dita entidade, tal e como consta no apartado 9.2 das Bases que rexen esta convocatoria:
DEP/69/2023- Club Pádel Narón – segundo o baremo, correspóndenlle 6.681,43 €.

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE / CLUB	C.I.F.	IMPORTE SUBVENCIÓN POR BAREMO	ORZAMENTO PRESENTADO POLA ENTIDADE	CANTIDADE MÁXIMA DA SUBVENCIÓN
DEP/69/2023	Club de Pádel Narón	……..	6.681,43	11.435,08	**5.717,54**

4.- Recoñecer a obriga de gasto dos importes inferiores a 3.000.00 €, con carácter de anticipo prepagable a xustificar, xa que dada a información que obra no expediente, non foi ditada resolución declarativa da procedencia de reintegro de subvención ou perda do dereito ao cobro da mesma, por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, nin foi acordada polo órgano concedente da dita subvención, como medida cautelar, a retención de liberamentos de pago das cantidades pendentes de abonar aos beneficiarios da citada subvención, ás entidades relacionadas a continuación:

Nº Rexistro Aupac	ENTIDADE /CLUB	C.I.F.	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	IMPORTE A XUSTIFICAR
DEP/70/2023	Club de Baile Fusión Dance	…….	1.141,45	10.963,87
DEP/71/2023	Club Baile Deportivo un paso adelante	…….	2.173,66	12.163,40
DEP/73/2023	Club Hockey Narón	…….	206,64	4.639,00
DEP/74/2023	Club Pesca Deportiva Surfcasting Narón	…….	1.265,27	12.233,37
DEP/75/2023	Club Cazadores A Faisca	…….	1.609,47	8.604,58
DEP/76/2023	Club de Haleterofilia Gaman	…….	506,03	2.831,27
DEP/77/2023	Club Dalle Gas Running Team	…….	619,04	2.915,20
DEP/78/2023	Unión Colombofila Mariñas Altas	…….	1.025,12	5.426,54
DEP/79/2023	Club Pasa ou Entorna	…….	1.636,84	3.520,92

5.- Aprobar como recoñecemento extraxudicial a concesión/denegación de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal que se relacionan no punto **3.-** desta proposta, por importe de 63.036,13 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410-48001.

Para dar cobertura a este gasto, aprobouse, con data 25 de abril de 2024, o expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito (PRE/2024/14).

6.- Ampliar o prazo de resolución, e notificación do procedemento ata o 15 de outubro de 2024, debido á imposibilidade de cumprimento do prazo que figura na base sétima, punto 7.1.11, das bases que rexen a convocatoria pública das ditas subvencións.

7.- O prazo máximo para presentar a xustificación da subvención concedida será dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión.

8.- Denegar a subvención ao Club AR Sports, CIF- G72786700, **(DEP/65/2023),** xa que remitido requirimento por parte desta administración o pasado 08 de febreiro, solicitando documentación esencial que non constaba no expediente e/ou non estaba correcta, tal requirimento non foi satisfeito pola dita entidade.

Así mesmo, tamén consta no expediente, solicitude con data 29 de febreiro de 2024, na que o mencionado Club expón a súa vontade de desestimento da subvención solicitada, debido, literalmente, á falta de documentación xustificativa dos gastos solicitados.

9.- Denegar a subvención ao Club Deportivo A Solaina, CIF- G15499536, **(DEP/68/2023)** por incumprimento do sinalado no apartado 5.2.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: "*Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou institución*…)."

A estes efectos, faise constar que a solicitude da subvención foi presentada por Damián Perez Díaz, en calidade de secretario do Club, e non polo seu presidente.

Así mesmo, na solicitude non consta o CIF do dito club, polo que a mencionada solicitude queda sen efecto.

10.- Denegar a subvención á SCRD Scalextric Club Ferrolterra, CIF- G15648017, **(DEP/66/2023)** por incumprimento do sinalado no apartado 5.2.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: "*Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou institución*…)."

A estes efectos, faise constar que a solicitude da subvención foi presentada por José María Escudero Roldós, e non polo seu presidente, constando no expediente da súa razón, o requirimento remitido por esta administración o pasado 16 de febreiro, ao devandito club, a fin de achegar, no seu caso, o preceptivo documento de apoderamento, ou calquera outra documentación, acreditativo da capacidade do asinante para a tramitación desta subvención, e tal requirimento non foi satisfeito pola dita entidade. A resposta a tal requirimento se reputa insuficiente para a acreditación requirida.

11.- Denegar a subvención ao Club Beni Gym Sport, CIF- G70390075, **(DEP/81/2023)** por incumprimento do sinalado no apartado 4.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: *"Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados, no momento de presentar a solicitude…)"*. En relación co exposto, e visto o informe emitido pola Xefa de Negociado de Patrimonio do Concello de Narón, con data 17 de xaneiro de 2024, o dito club en cuestión non estaba actualizado no dito rexistro de asociacións na data na que presentou a solicitude de subvención.

12.- Denegar a subvención ao Club Krav Magá Narón, CIF- G09737222, **(DEP/84/2023),** xa que remitido requirimento por parte desta administración o pasado 21 de marzo, solicitando documentación esencial que non constaba no expediente e/ou non estaba correcta, este non foi satisfeito pola dita entidade.

Así mesmo, tamén consta no expediente, solicitude con data 24 de abril de 2024, na que o mencionado Club expón a súa vontade de renunciar á solicitude da subvención en cuestión.

13.- Denegar a subvención ao Club Círculo Xadrez de Narón, CIF- G15227556, **(DEP/85/2023),** por incumprimento do sinalado no apartado 5.1 das bases que rexen a presente convocatoria, que literalmente di: *"Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, …)"*.

En relación co exposto, e visto que o Club en cuestión presentou a solicitude o día 27 de outubro de 2023, e polo tanto fóra do prazo establecido para tal fin, a súa solicitude non pode ser admitida a trámite.

14.- Facultar á Alcaldía para a realización de cantos trámites se deriven deste acordo."

Logo de ver dito informe, e visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor de TEGA e 3 abstencións (1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 21 de xuño de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

INTERVENCIÓN:

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, como sabe, nós vimos insistindo que estas subvencións hai que procurar sacalas en tempo e forma para que se poidan rematar e liquidar no ano en curso, e por ese motivo nós ímonos abster, porque consideramos que teñen que xestionar dende o grupo de goberno, en

tempo e forma para que se poidan liquidar no mesmo ano natural que se conceden. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 10 A favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 A favor

7 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO "A APERTURA DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O REMATE DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA SOLAINA".. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte

MOCIÓN:

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando "A APERTURA DUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O REMATE DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA SOLAINA".

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Existe un crecente malestar entre os veciños e veciñas do barrio da Solaina polo estado da obra "Humanización da Rúa Solaina". A demora na execución da obra, a modificación do seu proxecto e o custo excesivo, son só exemplos dunha obra que pola importancia que ten nun barrio tan emblemático como o da Solaina, debería de facerse co máximo consenso de todas as formas políticas e da veciñanza.

No punto de execución da obra e antes da súa recepción total. Compre abrir un proceso de participación cidadá para que a veciñanza afectada pola obra poida expresar as súas recomendacións para o remate da mesma.

A participación cidadá terá que ser pola súa importancia, semellante a que se está a levar cabo coa exposición do PXOM. Deste xeito ínstase a que se faga unha exposición pública do proxecto a través da convocatoria dunha asemblea de veciños e veciñas da Solaina.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó goberno municipal á paralización da execución da obra "Humanización da Rúa Solaina" ata que se convoque unha asemblea da veciñanza do barrio de Santa Icía a través do programa de participación cidadá, para tratar o estado de execución da obra e posibles melloras ou modificacións do proxecto.

2.- Instar ó goberno municipal a que se acheguen as recomendacións da veciñanza e se proceda a modificación do proxecto se compre necesario, efectuando os trámites legais pertinentes e a súa habilitación orzamentaria.

Narón a 5 de xuño de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

E visto o ditame favorable por maioría, con 6 votos a favor (3 PP, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 5 abstencións de TEGA da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 20-06-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Di un titular dun xornal hai poucos días que " *da rúa máis bonita a un laberinto desastroso en Narón*". Estamos falando da obra máis importante que transforma un barrio como o barrio da Solaina. Un barrio cheo de vida, cheo de xente, e temos unha obra que está con retraso, sobrecusto e con numerosos inconvenientes na súa execución.

Hai un malestar, non sei se o sabe vostede Sra.alcaldesa. Hai un malestar grande na Solaina. Hai un malestar a conta, primeiro, das inundacións que aconteceron ao principio, ao comeza da obra, das augas e escorrentías que entraban nos baixos e que entraban no portal e nos garaxes. Esas execucións, esa obra, ese sobre custo que houbo que reformar o proxecto e esa falta de transparencia que houbo por parte do seu goberno, na exposición do proxecto, ao que nos leva é a que a día de hoxe aproveitemos unha ferramenta, que por certo, licitou hai pouco, como é a escola de Participación, que nos custa máis de 100.000 euros aos veciños. Pois aproveitar esa escola, xa que a temos pagada e abrir un proceso igual que o que estamos abrindo no PXOM.

Vaiamos alí, falemos coa veciñanza, expoñámoslles o proxecto, falemos con eles e se teñen algunha mellora, algunha observación, porque ao fin e ao cabo eles son os que viven alí todos os días. Coñecen mellor o seu barrio e a súa rúa, mellor cos técnicos. Entón se pode haber algunha mellora que poida introducirse antes de que finalice a obra, o remate da obra pois o partido socialista o que di é que se faga.

E sobre todo o decimos, porque esa falta de transparencia que houbo na exposición é a mesma falta de transparencia que está sufrindo o partido socialista á hora dos expedientes que non se están entregando por parte desta Alcaldía. En concreto Sra.alcaldesa, refírome a que no mes de decembro se lle pediu un informe da Policía Local no senso da regulación do tráfico (parece que non sabe que llo pedín pero llo estou pedindo outra vez); pois mire, se houbera ese informe da Policía Local, son técnicos cualificados, que xustificara a eliminación dun tramo de subida, que xustificara limitar a velocidade a 10 Km/h., que xustificara eses pasos de peóns, que xustificara todas esas deficiencias que veñen poñendo de manifesto os veciños da Solaina, pois ao mellor non faría falta esta moción, porque teríamos un informe, digamos, que xustificaría eso, pero como non o hai, o partido socialista o que fai é priorizar á xente, e Terra Galega o que fai é priorizar a vexetación.

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Bueno, disculpádeme se me explaio un pouco, pero como veciño do barrio, síntome un pouco máis identificado. E como veciño de Santa Icía en primeiro lugar, quero compartir a miña decepción ante o resultado desta obra de remodelación

da rúa A Solaina, tamén a comparto, a decepción, como membro do grupo municipal do BNG, dende 2019 e póñolle data, porque foi aí cando marchei a vivir a este barrio.
E porque foi daquela antes de tomar posesión do cargo, cando o BNG reunidos con TEGA presentabamos as nosas declaracións de intencións, pedindo o compromiso absoluto do goberno dunha modernización completa e impulso do barrio da Solaina creando un plan director, que marcase as necesidades e os pasos a seguir para solucionalas, nun barrio que cunha infraestructura envellecida estaba deixando comercio e edificios enteiros abandonados.
E aínda que nese primeiro momento non fumos quen de sacar o compromiso, para nós só foi o inicio do noso cometido. Debate tras debate, orzamento tras orzamento, negociación tras negociación e mes a mes, aproveitamos cada oportunidade para incidir nesta necesidade, e garantir a prosperidade da Solaina con actuacións calculadas e acertadas.
E vese que funcionou porque a negativa inicial, pasou a ser un plan director completo que non só fala de obras senón de todos os aspectos, bueno, como é un plan director. Fomento do comercio, servicios necesarios, oficina de información e axuda á veciñanza para reforma nas vivendas, ascensores en edificios e un longo etcétera. Un plan director bo, que o BNG estabamos moi orgullosos de que exista pero bueno, tampouco nos colgamos ningunha medalla e dende eso, pasamos ao seguinte traballo, que é velar porque se cumpla, como sempre facemos, esixir que se poña a participación cidadá.
Cabe decir que nos preocupa o plan director, que non deixa de ser claro o soterramento dos transformadores da rúa a Solaina deixando ver a dificultade de facelo. Pero nós defendimos sempre que nunha gran remodelación debería optarse pola opción difícil, e deixalos todos enterrados para sempre.
E por fin chegou a primeira obra e a súa exposición á veciñanza, na que por suposto, acudimos, faltaría máis, despois de tanto pedir.
E aí xa nos levamos un golpe de realidade, é certo por un lado e chamativa a falta de convocatoria deste goberno, e por outro, que o proxecto ía aos mínimos do plan director. Dende logo, por se non o tiñamos claro, quedou patente ese día, que Narón non está gobernado coa mesma ambición que un concello do BNG.
De todos xeitos, ese proxecto que se presentou era un avance e tivo certa aceptación polos participantes desa asemblea. Pero lembro que se falaba de cores, texturas, e zonas axardinadas e pavimentos nos aparcadoiros que polo visto, morreron nese día.
Pero o desastre completo desa ambición inicial que tiñamos o BNG resultou xa cando iniciamos as obras tendo un sobrecusto a primeira semana, de 300.000 euros. Ao que nos opuxemos e denunciamos publicamente. Porque ademais, auguraba outra obra desastre do Concello de Narón, como así foi logo; por eso sometimos a continuo control e presión para que a empresa e o concello actuasen dilixentemente ata conseguir, custe o que custe, pero non a veciñanza que as obras plasmen o proxecto presentado, usando para esto todos os medios dispoñibles e os tempos correctos para denunciar o estado lamentable da execución da obra, e esixir a corrección, pois aparte do que dixeches, dos tempos de execución, da falta de sinalización, do mobiliario instalado en mal estado, dos altos firme, da lama substituindo as texturas e as cores prometidas, do desastre do tráfico que estaba a xerar no barrio… Por certo, esto último eu lembro de pedilo no consello de Participación Cidadá da Solaina, bueno, facendo uso destes órganos de participación que existen, non lembro que así o fixese outro partido e bueno, parece que contrasta un pouco co que se pide nesta moción.
Ata pedimos que se mudase o regulamento de participación cidadá para dar solución a estas cuestións mellor do que se están facendo, e se está cambiando se non nos enganamos.
E ao fin, chegado o momento, rexistramos unha esixencia para que non se recepcionase a obra neste estado e así se fixo, nesta situación estamos cunha obra que non se convirte nunha obra

recepcionada e pagada, sendo un desastre como tantas outras antes en Narón. E non nos imos a colgar unha medalla, pero ao BNG gústanos pensar que algo fixemos para mellorar Narón, e que posiblemente a partir de agora as empresas aprendan a traballar aquí.
Por eso a esta moción decimos sí, a mais consulta veciñal, xa que a que houbo, efectivamente non foi suficiente. Ademais houbo unha exposición enganosa; decimos si a mellorar esta obra, se fose necesario con futuras actuacións, ou incluso engadir outras a maiores, pero contando que esta é unha parte dun proxecto só acabado de comezar que é o cumprimento dun plan director para o barrio da Solaina, proxecto como dixen moi pelexado polo BNG.
Pero decimos tamén que a estas alturas pedindo a paralización das obras, cando o BNG xa solicitamos en tempo, non agora, que non se recepcione, e así está sendo, e pedir a estas alturas a modificación do proxecto, de verdade que parece un pouco un sinsentido, aparte de que dubido da legalidade que poida ter.
Así que outra vez igual que no anterior Pleno, e coa cuberta das pistas, o BNG temos que facer valer o sentido da moción para poder apoiala; pero de verdade que coa mesma insistencia que lle pedimos ao goberno celo no control das obras, pois pido ao PSOE o mesmo rigor que vos estabades esixindo hai un pouco nas mocións, porque podemos aprobar cousas, pero en caso de levarse a cabo ser ilegais, e aprobar unha moción que non se pode levar a cabo non sirve de nada, nada máis que para poder colgarse unha medalla en lugar de traballar día a día como vimos facendo o BNG. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, referente a este asunto, xa levamos 2 anos con esta problemática, e loxicamente ten difícil remate esa problemática.
Estou convencido de que si no ano 2022 estivese o Sr.Ulla e a compañeira no partido socialista, posiblemente hoxe non estaríamos debatindo esto, porque posiblemente non saíra adiante aquela proposta cando o presentamos, en outubro do 2022. Presentouse unha moción por este grupo, onde requería unha serie de condicións para continuar con esa obra.
Porque como ben dixo o compañeiro Geno, aos 15 días de iniciar a obra houbo unha modificación de crédito de 325.000 euros que era prácticamente o 40% da obra. Unha obra de 711.000 pasou a 1.042.000, algo que dende o noso grupo non se poden entender e, naquela moción pedimos unha serie de informes que a día de hoxe aínda non chegaron os informes, porque loxicamente votaron en contra da moción e votaron en contra da proposta e vostedes se preocupan de facer obras custe o que custe. Se ao final quenes o pagan son os veciños. E o pagan durante un tempo que ademais moitas veces, sin reparación posible como é o caso da Solaina.
Hoxe me gustaría que nos dixeran aquí, que alguén nos explicara cal é o motivo que hai no proxecto, que se colle un cambio de carril entre a rúa Francisco Pizarro e a rúa Pontevedra cando pasamos todo a un carril, ao carril de baixada para entendernos, e non cumplen as dimensións para circular por eles, cunha seguridade vial acorde a que ten hoxe as normas de tráfico. Gustaríanos que alguén nolo explicara.
Tamén nos gustaría que alguén nos explicara o desalineado das rúas. Porque a rúa non está alineada. E mira que pedimos informes e nos dixeron vostedes que o analizara a Policía Local, os técnicos municipais, os técnicos de empresas privadas, non sei cantos técnicos máis. Todos se equivocaron. Todos os técnicos se equivocaron. Porque non nos fixeron caso en outubro do ano 2022, e non teríamos a problemática que temos e como ven se dixo aquí, os veciños están todos cabreados.
E tamén me gustaría que me contestaran como van solventar o desnivel das rúas que entran polo lateral. Como van solventalo? Será posible que alguén nos contestara a esas preguntas

hoxe neste Pleno? Porque a realidade e non sei como lle podemos chamar ao nome desa obra, pero eu creo que o proxecto foi un fracaso enorme, e creo que o Concello de Narón, un concello con 39.000 habitantes, con 37 millóns de orzamento non pode cometer estes erros nas obras. A mellor avenida que tiña o concello de Narón estropeámola. Porque é certo que había que facer unha reforma ….. pero primeiro había que sacar os transformadores, sacar a torreta e despois facer un proxecto como corresponde. Eso é o que había que facer.
Polo tanto, espero que alguén nos conteste a estas preguntas que acabo de facer, para tan sequera ter nós algunha contestación. E saber realmente que vai ocorrer con esa avenida ao remate das obras, porque non sei se daremos rematado as obras en 5 anos.
Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, por aclarar que aínda que se expuxo …. Que creo que foi ratificada a nosa exposición, da exposición que fai tamén neste caso o compoñente do Bloque Nacionalista Galego neste pleno, esta obra loxicamente ven precedida por un plan director, no cal se fan dúas reunións para explicar o plan director dentro dese barrio. Unha vez decidido que se vai a desenrolar esta obra e co proxecto feito, se fai unha reunión coa veciñanza para dar explicación deste proxecto, dende principio non había ningún problema para levar a cabo esto.

Desde que se iniciou, loxicamente calquera modificación que se fixo, estaba avalada en todo momento polos técnicos municipais, cónstame que por parte do concelleiro de obras se non estaba alí todos os días, día sí, día no. Cónstame que por parte da Alcaldía deste concello, fixeron un seguimento constante da obra e de cómo se ía desenrolando. Loxicamente xunto coa dirección de obra, preocupáronse constantemente de que o que poñía o proxecto fóra a realidade que reflicte a obra final, e por eso se non se recepciona ou si se deixa de facer, loxicamente vai a ser sempre decindo o que o propio proxecto da obra se ten que levar a cabo.

Dende logo a implicación por parte do concello nesta obra foi total, e loxicamente así seguirá sendo ata que se recepcione definitivamente.

Por outra banda, non sei se a partir de agora, lle chamarei Sr.Ulla, ou Sr.licenciado, supóñome que esto tamén o terá que saber. Nunca por criterios políticos se pode paralizar unha obra. Ao non ser que sexa por dirección de obra ou os técnicos municipais, non se pode facer unha paralización dunha obra. Polo tanto, loxicamente nós imos a votar en contra porque loxicamente o que están pedindo aquí non se axusta a realidade.

Moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Me podes chamar como queiras sempre que non me faltes ao respecto. Podes facer o que queiras, con eso non estás insultando, é certo. É certo que me licenciei, se me queres chamar licenciado cho permito. Pero non cho permito se o fas de maneira socarrona, faltándome ao respecto.

E quero aproveitar que, Sra.alcaldesa, no anterior punto me pareceu entender que me chamou sinvergüenza. Sí, espero e desexo que sexa unha trabucación e en caso que sexa unha trabucación, entón lle pido disculpas. E se non Sra.alcaldesa, lle pedirei que se disculpe…..

-Sra.alcaldesa: si realmente fóra así, faltaría máis. Non é así … se o considera xa lle pido disculpas agora máis alá da realidade. Non lle quero chamar sinvergüenza, e menos neste pleno. Podo ter a miña opinión persoal pero non para minifestala aquí.

-Sr.Ullar Rocha: bueno. Si, Sra.alcaldesa. Eu tamén teño a miña opinión persoal respecto a vostede e Terra Galega, pero o que nos temos é que tratar con respecto.

E ao fío desto, eu penso que é unha temeridade por parte de Terra Galega de non apoiar esta moción, porque nesta moción o que se pide é transparencia e diálogo coa veciñanza. Se non temos nada que ocultar, se non temos medo a que a xente participe, eu penso que esta moción non é ningunha actitude de crítica cara a Terra Galega. Simplemente é que se pare a obra, hai un malestar, falémolo coa veciñanza e fagamos unha exposición.

Ben certo é, como apuntaba anteriormente o voceiro do Partido Popular, que hai un cambio nesta Corporación, hai un cambio no grupo municipal do partido socialista. E posiblemente se estivera aquí o grupo socialista que hoxe o conforma, esta obra non sairía adiante. E me remito a que hoxe hai máis transparencia.

O cambio do partido socialista que estes plenos sexan gravados, que podamos ver se me chamou ou non me chamou sinvergüenza no video, que a xente poida analizar as posturas de cada parte, de cada voceiro, de cada forza política. E sobre todo, é importante que fagamos unha labor de transparencia, e cando estamos investindo máis de 1 millón de euros que vai afectar no día a día de todos os veciños do barrio da Solaina. E o que non podemos facer é gobernar de maneira despótica, como se viña gobernando anteriormente no Concello de Narón. Hoxe é unha mostra da súa minoría. Hoxe van perder esta moción.Súmense ao sentido xeral da veciñanza. Non voten en contra. Voten a favor, fagan ese proceso, fagan a exposición como a teñen que facer, fagan o proceso igual que fixeron coas terrazas, fagan todo o que esté na nosa mán para que os veciños e as veciñas teñan coñecemento e poidan participar. E dito esto, e xa que por alusións, se me falaba de que non se pode parar unha obra por interese político, referir … que esto penso que é de interese xeral, é de interese xeral, e se non o ven así creo que dentro de 3 anos o verán. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Para rematar, breve, porque xa está todo dito sobre esta obra.

Sr.Román, a verdade é que non me contestou a ningunha pregunta das que fixen. Gustaríame que alguén me contestara para ter coñecemento do que está pasando ou pasou, no. Por que se fixeron eses cambios e por que se reduciu a calidade dos materiais tamén, que non lle preguntei antes. É algo que se debe de saber, e que os veciños e todos os representantes

públicos deste concello, debíamos de ser coñecedores de todo o que está pasando e o que pasou nesas obras así como noutras obras, no. Pero hoxe estamos falando desta e creo que é unha das importantes, que ademais vostedes, creo que a Sra.alcaldesa recibiu chamadas, creo que algún concelleiro tamén recibiu chamadas, e de xente cando estabades por alí, que vos intentaba aconsellar e preguntarvos e é verdade que pouco os atendestes, por non decir nada, no. Creo que eso é tamén unha falta de coherencia cos propios veciños do entorno porque sufren esas obras a diario, no. É certo que nós as puidemos sufrir un día, que pasamos por alí, pero os veciños que viven alí continuamente estannas sufrindo a diario, e ademais as van a sufrir durante moitos anos porque nunca o remate desas obras van ser as que realmente necesitaba a Avenida da Solaina, no.

Bueno, resumindo, nos parece incrible que dende os gobernantes deste concello cometan atropelos como os que se fixeron na Avda. da Solaina, e se utilicen dunha lexeireza desmedida os impostos dos nosos veciños. Esa é a realidade que pasou nesa obra, porque mira que dos dous grupos que estabamos na oposición naquel momento lles advertimos o que estaba pasando e que ía pasar nesa obra, eh. Calquera dos dous grupos que estabamos na oposición; e non quixeron escoitar a ningún dos dous grupos e agora estamos nesta situación. Unha situación que non ten volta atrás e que vai ser difícil solventar a problemática, que vos mesmos xenerastes nesa avenida. Esa é a realidade. Nós imos a votar a favor desta proposta. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: a ver. Se fala de falta de transparencia, se fala de que os plenos…. Os plenos eran públicos. Calquera persoa podía achegarse ata aquí, se colgaban esas actas. E dicir, non era nada a espaldas da cidadanía. Neste caso, e teño aquí e ven dixo neste caso Geno, se presentou o plan director na Solaina, dúas veces, se presentou o proxecto, temos aquí todos os convites que se fixeron a todas entidades que estiveron alí, e que é verdade que neste caso, estaba alí o partido… o BNG nesa presentación dese proxecto, se explicou alí todo exactamente. Se lle puxo á cidadanía, quen o quería, que se lle podía facilitar en formato dixital. Trasladouse en varias ocasións. O concelleiro de obras a distinción doutros concellos, ten atención ao público todos os venres onde recibiu a numerosas persoas que viñan a ver como era ese proxecto. É un proxexto que estivo, xa o dixen en varias ocasións, moi, moi discutido, moitísimo.

Entes que formaron parte na redacción dese proxecto: policía municipal, membros neste caso das empresas que traballan en auxiliares, tanto de xardiñería como de recollida de resíduos sólidos urbanos, que aportaron sobre ese proxecto. Aparte os redactores dese proxecto e neste caso, cidades que camiñan, se lles entregou, se lles deu esa posibilidade de opinar, se fixo esas exposicións públicas a todas as persoas que quixeron aportar calquera tipo de documentación. A vostede neste caso, Germán, creo que é moi complicado que a vostede lle guste este proxecto, porque vostede non colmuga nin sequera coa plataforma única, é dicir, por moito que lle digamos que se vai a mellorar en accesibilidade, é moi complicado que vostede entenda porque xa dixo en varias ocasións que consideraba que era moi dificultoso, e que non se mellorara para nada cando é algo que non está experimentado neste concello; en moito outros xa si… copiamos doutros sitios, copiamos de sitios onde o fan mellor, neste caso,

previamente que fixeron esas actuacións antes que se fixeran neste concello. É verdade, experiencias previas que saíron ben, nós copiamolas.

Con respecto neste caso, que falaban de por que se fan todas esas actuacións, todas teñen un porqué, e se explicaron alí; é dicir, o que se pretende nesa vía non é que sexa unha vía de paso para comunicar Narón con Ferrol. Se pretende que sexa unha vía para as persoas que viven nese barrio e que queiran ir a mercar alí. Esto está analizado nese plan director, está analizado ese proxecto; non é unha invención de 2 días. Por que non é totalmente recta? Precisamente para evitar a velocidade. Por que se fai con esa velocidade? Por criterios, neste caso, técnicos. Non políticos. Non decide ningún político cando se pon a velocidade que leva esa rúa.

Todo ese tipo de cousas de verdade, que están estudiadas. Sí que é verdade, teño que recoñecer que a execución da obra non é a mellor. Xa o dixemos en moitas ocasións. E precisamente por eses motivos, nin sequera se recepcionou, a última recepción que estaba proposta para o 18 de xuño, por que? Porque entendemos que non está ben executada en todas as partes. Que pasa? Que insistimos en que o fagan o mellor posible para poder recepcionala, e eso sí é a realidade. Pero agora, o resto das cousas de falta de transparencia, tiveron o proxecto á súa disposición cando quixeron. Creo recordar que está colgado xa incluso na páxina web, é dicir, a diposición de quen o queira.

Entón vir agora mesmo aquí a falar dunha serie de falta de transparencia, que pediron unha información que non se lle deu, pero que conste, e non sei cal é o número de escritos que fan e que piden, pero xa levamos igual máis de 1.000, no que vai de lexislatura e levamos 1 ano que se lle vai dando a documentación. Que exista 1 que non o teñan, non sei se lle fai gracia, non pretendo ser graciosa, é dicir, é un dato obxectivo. Se realmente ten interese e hai algún que non se lle entregou, de verdade, volváo a pedir, de verdade, non hai ningún tipo de problema. Existe todo, non é algo que quitaramos un proxecto do día, así de 1 día, é dicir, e o dixen en varias ocasións e neste caso, están avalados eses cambios a nivel de circulación, pola policía municipal deste concello. Expertos en mobilidade que fan formación continua para eso, non é unha ocorrencia. De verdade. E o que di e quédome coas palabras, o que di neste caso Geno, é dicir, é verdade, nós o decimos, non está ben executado. Estamos de acordo. É unha realidade. Nos gustaría que o fixexen moitísimo antes, pelexamos para que así fose; por circunstancias estamos en este punto pero créame que as ferramentas que ten neste caso, pois unha corporación, son as que son e a través de técnicos municipais. Que como ben decía non se fan, nin ningún tipo de modificación, se non está avalada por técnicos. Polo tanto, neste caso de dirección de obra que é axena á propia empresa e vela que se cumpla o proxecto que se fixo e neste caso, tamén validado por técnicos municipais. Nese punto estamos.

Entón tratar de enganar á xente, de que agora mesmo se van poder parar esas obras, parar que? É dicir, o que pretendemos e o que queremos é que queden ben. E imos a insistir a que así sexa, pero non ten sentido esto, e si que recoñezo que temos interese de verdade en que queden ben.

E neste caso, aproveito tamén para pedir porque evidentemente se dilataron máis no tempo do que nos gustaría. E os veciños e as veciñas a sufren porque evidentemente logo se ven os resultados. Pero hai que pasar por elas. E o que decía das torretas creo que bastante esforzo fixemos para conseguir que esa torreta se quitase e me consta. E a vostede creo que tamén.

Non foi algo fácil porque foi pelexa de anos. Que se conseguiu poder compaxinalo e facelo á par das obras, que estaban xa iniciadas. Eu creo que nese sentido hai que recoñecer tamén cando algo está ben feito. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: 10 En contra
PP: 6 A favor
BNG: 3 A favor
PSdeG-PSOE: 2 A favor

INCIDENCIA: Abandona a sesión o Sr.interventor acctal. sendo as 19:58´.

8 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TERRA GALEGA PARA CUBRIR DE MANEIRA URXENTE A FALTA DE RADIÓLOGOS/AS NA ÁREA SANITARIA DE FERROL.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: " O Grupo Municipal de Terra Galega do Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

A sanidade publica e un dereito de todas e todas que día tras día está sometida a un gran deterioro como consecuencia das políticas do Partido Popular que debido a moitos anos de recortes orzamentarios e a falta de xestión, que sofren os profesionais sanitarios e o conxunto da cidadanía e que se traduce en contratos moi precarios de días e incluso horas, non cubrir as baixas laborais, non cubrir as prazas vacantes xa existentes, non convocar novas prazas, peches de prantas etc...
Estes días saia na prensa queixas de pacientes oncolóxicos que están a sufrir un angustioso retraso nas súas probas radiolóxicas imprescindibles para poder recibir un tratamento oncolóxico axeitado e de maneira urxente , xa que como todos sabemos o cancro unha epidemia mundial precisa canto antes de diagnóstico, seguimento e tratamento urxente para evitar o seu avance e a metástase. A radioloxía e imprescindible non so para os pacientes oncolóxicos senón practicamente para todas as especialidades; estamos a falar de TACS , resonancias, radiografías, mamografías, etc que precisan ser realizados de maneira áxil, sen listas de espera de meses, moitos meses angustiosos para as persoas enfermas e que en moitos casos supón unha conta atrás. A pesar de que os oncólogos/as están reclamando de maneira sistemática e urxente varias veces a realización desta probas radiolóxicas , estas seguen retrasándose xa que na actualidade moitos radiólogos/as están de baixa ou redución de xornada , non se cubren estas ausencias e tampouco as prazas vacantes polo tanto e imposible que estes pacientes sexan atendidos, realizándose a día de hoxe a metade das probas diagnósticas de radioloxía que se viña realizando, e a isto hai que sumarlle as vacacións que se van a producir o que vai a agravar moito mais a situación.
Esta situación e grave e insostible.
Polo exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega propón ao Concello Pleno a aprobacións dos seguintes acordos:

1- Instar a Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol, para que **de maneira urxente** cubra as prazas de radiólogos e radiólogas que se atopan de baixa ou redución de xornada , así como as prazas vacantes sen cubrir.

2- Instar o Goberno de Estado a que convoque novas prazas MIR de todas as especialidades onde exista déficit de persoal sanitario.
3- Dar traslado destes acordos á Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol, á Consellería de Sanidade, aos grupo políticos do Parlamento Galego e ao Ministerio de Sanidade.

Narón. 17 de xuño de 2024
Román Romero Franco
E visto o ditame favorable por maioría, con 8 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións do PP, da Comisión de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 20-06-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

A sanidade pública é un dereito de todos e todas que día tras día está sometida a un gran deterioro como consecuencia das políticas do Partido Popular. Que debido a moitos anos de recortes orzamentarios e falta de xestión que sufren os profesionais sanitarios, e o conxunto da cidadanía e que se traduce en contratos moi precarios, de días, incluso horas. Non cubrir as baixas laborais, non cubrir as prazas vacantes xa existentes, non convocar novas prazas, peches de plantas, etc. etc.etc.

Estes días saía na prensa a queixa de pacientes oncolóxicos que están a sufrir un angustioso retraso nas probas radióloxicas imprescindibles para poder recibir un tratamiento oncolóxico axeitado e de maneira urxente. Xa que como todos sabemos, o cancro é unha epidemia mundial que precisa canto antes de diagnóstico, seguimento e tratamento urxente para evitar o seu avance.

A radioloxía é imprescindible, non só para os pacientes oncolóxicos senón tamén practicamente para todas as especialidades. Estamos a falar de tacs, resonancias, radiografías, mamografías, biopsias guíadas por ecografía etc.etc. que precisan ser realizadas de maneira áxil, sin lista de espera de meses, moitos meses angustiosos para as persoas enfermas, e que en moitos casos son unha conta atrás.

A pesar de que os oncólogos están a reclamar de maneira sistemática e urxente varias veces, a realización destas probas radióloxicas, estas siguen retrasándose, xa que na actualidade moitos radiólogos están de baixa ou en reducción de xornada. Concretamente a semana pasada púxenme en contacto con persoas deste servicio e me din que dos 19 radiólogos que tiñan que estar traballando, están traballando 11. E dicir, están a traballar casi o 50% do persoal que está.

A día de hoxe, a metade das probas diganósticas de radioloxía que se viñan realizando, están reducidas á metade. Esta situación é grave e isostible que afecta á supervivencia das persoas; é dicir, se un oncólogo pide unha proba diagnóstica para saber se unha persoa ten un cancro ou no, non pode tardar 3 meses ou 6 meses en ter o resultado porque eso supón un atraso moi grande no seu tratamento, e todos sabemos que este tipo de patoloxías canto antes se trate moito mellor.

Por todo o comentado anteriormente, pedimos e instamos á xerencia desta Área Sanitaria para que de maneira urxente resolva esta situación.

Instar tamén, como pedía Germán, ao goberno central a que convoque novas prazas MIR en todas as especialidades que están baixo mínimos, ou nas que hai carencia.

Non aceptamos a emenda, neste caso, do Partido Popular porque se refería á atención primaria e a moción de hoxe ía dirixida ao servicio de Radioloxía.

Comentar tamén que esto é un caso grave porque afecta a pacientes cunha patoloxía moi concreta, pero tamén decir que estes mesmos días que falei con persoal de Raios, falei tamén con persoal de Neumoloxía e é outra especialidade onde de 7 traballadores están traballando 3, é dicir, menos do 50%.

É dicir, non é un tema só de Radioloxía, é un tema de todas as especialidades que hai nesta Área Sanitaria. E a planificación e a xestión desto correspóndelle ao Sergas, á dirección do Sergas. Concretamente á Consellería de Sanidade desta autonomía. O que non haiba máis especialistas traballando nesta autonomía é polas condicións precarias dos traballos, é pola falta de nóminas que teñen este persoal, que prefiren ir a traballar a outras comunidades, ou incluso ir a traballar ao estranxeiro.

É un problema que non teñen que resolver os pacientes. É un problema que teñen que resolver os xerentes. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, pouco máis que engadir á exposición que fixo o concelleiro Ramos. Decir que eu non sei de quen é a culpa, non sei se é do Sergas, entendo que si, non sei se é do goberno da Xunta de Galicia, non sei se neste caso, é culpa do goberno central. En todo caso, o que hai que ser é persoa antes que político e a min me dá igual incluso a cor que poida ser deses gobernos. Eu votaría incluso a favor da emenda que presentou hoxe Germán porque eu o que quero é por riba de todo, que os meus veciños e a xente que teña os servizos que se merece e sobre todo, demandar á Xunta de Galicia porque o que non pode ser é que teñamos prazas sen cubrir, que teñamos listas de espera sobre todo, aos pacientes oncolóxicos.

-Sra.Ledo Díaz: boas de novo. Estamos de acordo, non podía ser doutro xeito. Ademais quero incidir que este tema xa o levamos hai un par de meses ao Parlamento galego porque bueno, é o que nos corresponde dende a oposición no Parlamento Galego, porque inclusive imos a máis nestes acordos.

Por exemplo o concello de Cedeira, no, pediu unha reunión urxente coa Consellería de Sanidade e incluso sería positivo que a Mancomunidade pedira esa reunión para a Consellería de Sanidade coa situación ademais que está a pasar na comarca, porque compre recordar, como ben dixo Ramos, que a realización periódica dun tac é a forma precisa hoxe, para detectar de maneira precoz, se existe recurrencia de enfermedades como o cancro de forma que o retraso supón, no caso dos cancros, que en moitos casos non se poida reaccionar a tempo, que haxa metastase, e que todos e todas terminamos coñecendo xente que están

sufrindo estes retrasos no hospital por un tac, por algo que pode ser sinxelo pero que ao mellor non o é .

E estamos a falar dun problema que leva varios meses, que vemos que os pacientes din que non aconteceron, incluso en épocas de pandemia, e ao final estamos a ver o que pasa cunha Xunta cada vez máis privatizadora nunha Sanidade pública, que é un dereito básico e fundamental para unha sociedade de benestar, esa xustiza social que significa máis que nada o benestar para todas as persoas, e que vivamos a ben na sociedade e ao final este problema páganno as persoas, e o colapso da sanidade pública non é máis que o exemplo das políticas da Xunta do Partido Popular que lle paga a hospitais privados concesións elevadísimas. Poño un exemplo, porque eu vivín hai uns anos en Vigo o convenio con Pavisa, nos sae a todos os galegos e galegas cada ano máis caro que o que custou facer o hospital público de Vigo, o último hospital público de Vigo, e precisamos outra sanidade que non lucre aos amigos do Partido Popular e as súas portas xiratorias, e precisamos tamén que os traballadores e traballadoras das públicas, estean en boas condicións e que non sexan mellores na privada, onde logo hai unhas concesións elevadísimas da Xunta de Galicia.

Xa vemos onde está ese ciclo e como é o peixe que se morde a cola. E precisamos que se pense nos pacientes, que esto se solucione de inmediato e que non exista unha lista de espera tan grande para enfermedades que progresan por desgraza, hoxe en Galicia, sen que haxa probas diagnósticas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, a verdade eu entendía que esta moción era xeral de Sanidade porque vostedes tamén falan de "*instar ao goberno do Estado a que convoque novas prazas MIR en todas as especialidades onde exista déficit de persoal sanitario*". Creo que é preocupante que non se axilice eso e que teñamos agora no verán que cerrar camas, no, por falta de profesionais, cando dende Madrid se podía solventar. Por eso me sorprende que non admitan a nosa emenda, cando é unha emenda de engadido, no.

E despois lles diría que benvidos á realidade. Benvido á realidade. No ano 2022 se presentou unha moción aquí instando que dende Madrid se axilizara para crear máis prazas MIR, para crear máis prazas de especialización e todo eso, vostedes votaron en contra. Benvidos á realidade.

Parece ser que están agora cos pés na terra, se dan conta de que efectivamente faltan…. E en Ferrol si que faltan profesionais neste gremio, e a verdade é que dende logo a vontade da Xunta é cubrir as prazas o antes posible. O que pasa é que se non temos profesionais en paro difícilmente podemos cubrir esas prazas. Esa é a realidade do que está pasando. E creo que neste caso, no tema sanitario, creo que todos temos que ir da má e todos temos que axudarnos e intentar que neste caso, dende o goberno de España, axilice as propostas que estaban feitas dende o ano 2018. E faltan profesionais en todas as especialidades.

Referente á Área Sanitaria de Ferrol, no tema de radiólogos pois hai 21 prazas e están cubertas 19, hai 2 vacantes, sí é certo. Hai algúns de baixa, como ben di vostede, e hai algúns

que pediron reducción de xornada tamén, teñen o seu dereito, e está claro que se houbera especialistas, se cubrirían esas prazas sen ningún problema.

Dende logo o compromiso da Xunta, do Sergas neste caso, é tan pronto haiba especialistas cubrir esas prazas.

E creo que a nivel xeral, sabemos que a nivel de toda España, creo que pois hai dificultades a nivel de toda España, pero tampouco non podemos decir…. É dicir, aínda que non estamos de acordo e consideramos que en Galicia debía de seguir mellorando e traballando para que ese servicio cada día fóra mellor, pero tamén é certo que non somos a peor comunidade autónoma e a pesar do que di o BNG neste sentido, que parece que queremos privatizar a sanidade pública, pois non é certo, porque dos orzamentos da Xunta de Galicia máis de 5.000 millóns son para sanidade, e implican que dende o ano 2009 cando estaban vostedes no goberno, hai un 38, 7% máis de presuposto, e ademais temos agora mesmo 43.779 profesionais na sanidade que é unha cifra importante, no. Que non son suficientes? Bueno, si que non son suficientes pero tamén é certo que nos gustaría, estou convencido que no Sergas están traballando a reo, para que se poidan cubrir esas prazas, pero tamén nos encontramos que se non hai profesionais e se non autorizan a cubrir todas esas prazas que desearíamos, pois non podemos facelo.

Agora, nós estamos a favor de que se mellore a Sanidade e de que se cubran todas esas prazas. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: simplemente un par de aclaracións con respecto ás prazas MIR. Nosoutros na nosa moción, pedimos que se amplíen as prazas MIR de todas as especialidades que teñan deficiencias.

Con respecto ao que vostede pedía na emenda, referíase á atención primaria. E con respecto á atención primaria teño que decirlle que no MIR deste ano quedaron 530 prazas de atención primaria sen cubrir, que ninguén as quixo. E sabe por que? Porque os profesionais non están ben cuidados. Nin ven remunerados e que sacan prazas de difícil cobertura sen ningún tipo de compensación. E entonces, vostede cré que ampliando prazas MIR, quedando este ano 530 sen cubrir, que se soluciona o problema? Ten que ser a comunidade autónoma quen diga " mire, a estes señores hai que tratalos un pouco mellor para que estas prazas non queden vacantes". Se non, por moitas prazas MIR que vostede amplíe, seguiríamos con déficit de médicos profesionais para traballar tanto na primaria como no resto.

Entonces non está só o problema en prazas MIR, está en como se trata aos profesionais nesta Autonomía. Entonces eso si que é cuestión da Xunta de Galicia da Consellería de Sanidade desta comunidade. E non se lle pode botar sempre a culpa aos de fóra. Hai cousas que temos que resolver nós na casa. Se os profesionais foran mellor tratados, non quedaban aquí prazas vacantes, eh. Eso para que quede claro.

-Sra.Ledo Díaz: vale, só un dato eh. É unha noticia de hai 7 días: "*o goberno galego é xunto ao andaluz, o que menos inviste en Sanidade do Estado*". Dígoo polos 5.000 millóns de euros

dos que fala, cando hai que decir que a Xunta de Galicia ten máis de 13.000 millóns de euros do orzamento. Eu non digo que se invista per capita pero sí que se faga como por exemplo, en Asturias cando o 50% do orzamento vai para a sanidade pública.

É máis, doulle outro dato: Madrid supera por primeira vez na última década a Galicia en investimento sanitario por habitante. Bravo, xa Ayuso, xa gañou a roda en algo; podedes ver, estes son datos e só lle gañamos a Andalucía e temos un investimento de 1.817 euros por habitante. Menos mal que os galegos e as galegas estannos estudando, porque somos moi lonxevos e soemos ter boa saúde coa nosa dieta atántica e o noso nordés etc. etc. porque está claro que a Xunta de Galicia dá as costas, dende hai máis de 15 anos, aos galegos e galegas. Decir ese investimento, repito, o goberno galego xunto o andaluz é o que menos inviste en Sanidade do Estado.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Mire, a Xunta de Galicia, o Sergas, as prazas de radiodiagnóstico para o seguinte curso ofertou as 20 prazas MIR que había posibles. Para cubrir o 100%. Non ten problema en facelo. O que pasa é que ten que haber profesionais .

E referente as inversións e as listas de espera, en canto debemos reseñar que Galicia está moi ben posicionada. A comunidade autónoma, según informa a lista de espera do Ministerio de Sanidad, creo que Olaia debe ter os números cambiados, debeu cambiar o nome dalgunha comunidade autónom, porque posiblemente se falamos dos seus amigos de Cataluña, onde gobernaban os seus colegas que acompañan na lista á Comunidade europea, cando en Galicia a lista de espera é 66 días, en Cataluña 131 días. Imaxínese eh, a diferencia é grande, vale? Polo tanto creo que estamos nunha situación, que non é a ideal? Por suposto que non, que sempre hai que mellorar, pero é un servicio que é necesario mellorar día a día pero o que tampouco podemos é desacreditar a boa xestión, e sobre todo aos profesionais que están traballando nese gremio, que consideramos e cremos que temos unha boa sanidade pública e ademais coas súas necesidades, como en todos os servicios, pero que está á altura das circunstancias.

Polo tanto, non creo que sexamos, como di vostede porque creo que lle fallan os datos, ou lle pasaron os datos cambiados os nomes das comunidade,s ou lles interesa por algún motivo, no, pero creo que Galicia nese sentido está, si, si, pero claro eso tamén lle pode pasar como a alguen que fixo estes días un plano e equivouse nas liñas..e as vermellas eran para un lado e as verdes para outro, no. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa que se deixa así en pouso, é dicir, nós non tratamos, de verdade de desacreditar a ningún tipo de sanitario como vostede acaba de decir, para nada, en absoluto. É dicir, validamos o traballo que fan. Que estamos a pedir? Que se cubran esas prazas. É un rogo: "*Instar á Xerencia sanitaria que de maneira urxente cubran esas prazas*" . Nada máis. É algo que é real, é dicir, aínda independentemente dos datos de un e doutro, esto

é obxectivo, é dicir, dentro desas persoas que son 21, agora mesmo están traballando 11, o que pedimos, que se cubran.

E a verdade que dá gusto oílo, que é o seguinte, que di: " si no hai profesionais en paro, como se van cubrir as prazas". Carai, cando falamos do SAF e lle decimos cal é a realidade das persoas que non teñen titulación para eso, aí non lle vale. Pero neste caso, sí. De verdade, vote a favor de algo que instamos, rogamos, pedimos que se mellore este servicio, nada máis. Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
Votos a favor:
10 Terra Galega
6 Partido Popular
3 Bloque Nacionalista Galego
2 Partido Socialista de Galicia

9 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA RESTITUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

Desde as últimas décadas do século XX, as institucións e organizacións sociais fixéronse eco das demandas do feminismo, entre outras cousas, creando organismos encargados da aplicación de medidas conducentes á igualdade de xénero. É así como se formalizan as vocalías ou secretarías das mulleres nas organizacións sindicais, asociacións e partidos, as áreas de igualdade nos concellos, etc. Nesta liña, en 2005 o créase a Secretaría Xeral de Igualdade e desde 2007 en Galiza, inclúese no noso marco legal a *transversalidade ou manstreaming* de xénero por consenso de todas as forzas representadas no parlamento galego. O Partido Popular fai desaparecer agora un organismo de goberno que no lugar que debería ocupar, dependente da Presidencia, tería que deseñar o conxunto de políticas a aplicar desde os diferentes departamentos do goberno galego. Trátase do último paso dado, até agora, após a desaparición do Servizo Galego de Igualdade (que estaba creado por lei desde tempos de Fraga), ou o baleirado de recursos dos centros Quérote, dos CIM, dos pisos de acollida para mulleres víctimas de violencia machista... A ideoloxía retrógrada en materia de igualdade do PP manifestouse tamén ás claras no conxunto do estado co torpedeo constante do dereito ao aborto, coas subvencións e institucionalización da Red Madre, co desvío das intervencións de interrupción do embarazo a clínicas privadas...

Unha das graves consecuencias directas que ten a supresión da Secretaría Xeral de Igualdade nas políticas de igualdade é a perda da **transversalidade,** algo fundamental e estratéxico ao que obriga a lei porque supón capacidade de influír e de actuar en todas as políticas e áreas de goberno. É absolutamente necesaria para combater a desigualdade. Tamén é un erro considerable a división de igualdade e loita contra a violencia machista sen que haxa unha dirección común, coma se fosen departamentos estancos, sobre todo tendo en conta que a violencia é a consecuencia máis extrema que viven as mulleres da desigualdade e o patriarcado.

A día de hoxe, os datos que temos de violencia machista son aínda parcias pero incuestionables: 7.438 vítimas en Galiza no ano 2023 segundo os datos avanzados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no primeiro trimestre do 2024, cun incremento dun 7,6 % respecto dos indicadores do 2022. Os datos demostran que a violencia machista é o problema máis importante para a vida das mulleres, polo tanto debera ser unha prioridade absoluta para o goberno galego.

POR TODO ISTO SOLICITAMOS O SEGUINTE ACORDO:

1.- Esixir ao goberno galego que dea ás políticas de igualdade o peso que lles corresponde, coa restitución da Secretaría Xeral de Igualdade con presenza no Consello da Xunta.

Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 4 votos a favor (2 TEGA, 1 BNG e 1PSde-G-PSOE) e 1 abstención do PP da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: boas de novo.

Vou a presentar esta moción en 2 partes. Primeiro, a importancia das Secretarías Xerais do organigrama da Xunta de Galicia, que fai que teñan voz nos consellos da Xunta que se fan todas as semanas e como se estaba facendo ata agora no, que se dividía logo en dúas Direccións.

E segundo a importancia e a necesidade de decir que a Igualdade e loita contra a violencia de xénero, estean baixo unha mesma secretaría, e non en compartamentos estancos como está a pasar agora. E teño que decirlles as persoas do grupo do Partido Popular, que vimos a este Pleno máis preocupadas que nunca. Porque estamos vendo un Partido Popular disposto a romper consensos galegos dende hai moito tempo, en materia de violencia machista, por exemplo. E este mandato do goberno da Xunta apunta moi mal. Apunta mal cando o problema máis importante para a vida das mulleres ocupou 15 segundos do Sr.Rueda na súa investidura.

Apunta mal cando coñecemos o Consello da Xunta, e vemos como incumple a súa propia Lei de Igualdade; Rueda séntase nel con menos dun 40% de presenza de mulleres, pero é que é coñecida a nova estructura do goberno dos galegos e galegas, e temos un paso atrás sen precedentes. Sen precedentes dende a democracia e dende que temos Parlamento Galego. Despois de casi 20 anos, o Partido Popular elimina o que foi o maior rango institucional das políticas de igualdade. Suprimen a Secretaría Xeral de Igualdade e degradan esa área de goberno, restándolle peso e importancia e é unha decisión de calado. Non se atreveron a poñelo no programa electoral, non se atreveron a explicalo na investidura, non se atreveron a sometelo a consideración nos organismos de participación como Consello Galego das Mulleres ou o Observatorio da Violencia. Saben por que non se atreveron? Porque sabían que non ía haber unha soa voz a favor.

Eliminar a Secretaría Xeral supón un retroceso, repito, sen precedentes e ten un enorme capital simbólico, porque se rebaixa a igualdade a dúas Direccións Xerais sen unha Dirección común. Como se fosen compartimentos estanco. Repito, esto ten consecuencias directas nas

políticas a comezar porque se perde algo fundamental estratéxico, que aínda falamos no pleno anterior e que obriga a lei por certo, a lei galega, a transversalidade. Non vai haber unha figura de referencia como era a Secretaría Xeral de Igualdade nas reunións de preparación dos consellos da Xunta. Prescíndese da figura responsable de Igualdade e Violencia, tan só a verdade somos a metade do país, o total soemos falar das nosas vidas. Pensaron que esta decisión ía pasar por unha mera organización administrativa pero non o é. É unha decisión política e ideolóxica de calado. Arrinconar a violencia machista e a igualdade. A transversalidade e o … de xénero inclúese no noso marco legal dende 2007, fumos pioneiras en Galiza, co seu apoio, co apoio do Partido Popular, un consenso de todas as forzas políticas que se mantivo no tempo coa diferenza do día a día, si. Pero cuns mínimos, uns mínimos que vostedes acaban de borrar. E estamos vendo xa a axenda oculta do Partido Popular de Galicia. Un Partido Popular que intenta disimular, pero que comparte cada vez máis a axenda cos seus socios da extrema dereita.

Unha axenda contra a igualdade que busca restar importancia á discriminación das mulleres como algo estructural, que busca a diluir a especificidade da violencia machista no discurso xeral da violencia. Como se non fose o elemento clave do control patriarcal o sometemento que se fai ás mulleres. Quitan a carauta, eso é certo. O Partido Popular en estado puro. Comezamos a era Feijoo reducindo as axudas de violencia machista, cargándose o servicio galego de igualdade que se creou en época de Fraga Iribarne, ou promoven asociacións antiabortistas coma a Redmadre.

Financian asociacións que promoven o inexistente síndrome de alienación pariental. Sobrecargan os Centros de atención á muller con outras competencias para restar importancia á Axenda contra a violencia machista, e levan 15 anos incumprindo a Lei de Violencia sen desenvolver aspectos fundamentais como o artigo 25, o da atención psicolóxica.

Están tan sin filtro, que mesmo tiveron que ver nunha nota de prensa, tivemos que ver todos os galegos e galegas nunha nota de prensa oficial do Partido Popular, como se lle homologaba romperlle un dente á súa parella nunha agresión machista a “erro”. Chamáronlle “erro” porque era un concelleiro que era do Partido Popular. Un presidente da Xunta, que incumple a súa palabra, e un secretario xeral que non sabe nin contesta. Empezamos ben, eh.

Señores do Partido Popular. Unha cousa é a reinserción, e outro cousa é reescribir a historia e banalizar algo tan grave como unha agresión machista demostrada e condenada no Xulgado. Por eso é importante esta moción, por eso é importante que Narón se posicione en contra desta decisión da Xunta, porque somos a oitava poboación. Porque vimos de adherirnos ao código Viogen. Porque hai traballadoras das tendas de Inditex da nosa cidade, hoxe en folga, porque queren cobrar salarios dignos e o mesmo que os seus compañeiros homes. Tan claro como eso. Hoxe están en folga e dende o Bloque Nacionalista Galego queremos darlle o noso apoio.

En Narón a metade da poboación está afectada por esta decisión da Xunta de Galiza. Só queda organizarse e conseguir que se revirta. Nese momento felicitaremos á Xunta por facelo como felicitamos por exemplo, cando tiveron que retirar o que querían facer no hospital de Verín, quitando a sección de maternidade porque foron os movementos feministas quen nos

conseguiron, como tantas outras cousas, que vostedes quixeron botar atrás. Sei que van vir agora cunha lista de cousas que en teoría fan, de igualdade, da Xunta de Galicia.

Pídolles a que …deu datos antes e bulos, que comprobe o diñeiro que din que dan a Igualdade porque xa o dixemos aquí nun pleno, e o diñeiro real que quede investido porque igual deses 1.122 millóns de euros que quedaron sen executar dos orzamentos da Xunta de Galicia, levaríase as más á cabeza de cal é a porcentaxe das políticas de Igualdade. Por todo esto, pedimos, aínda están a tempo de que esto se aprobe por unanimidade.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Dende o partido socialista compartimos todas as verbas expresadas pola voceira do BNG. É certo que no ano 2005 o bipartito, que foi creo que a mellor época que tivo sen dúbida este país, o goberno pois introduxo a Secretaría de Igualdade. É importante que levemos a un rango superior, indistintamente de que poidamos dividir en distintos organismos, en distintos órganos, en distintas persoas a que leven esa área e levar ese rango para darlle a dignidade e sobre todo, a importancia que ten que ter un asunto como este. E ogallá, ogallá algún día sexa noticia que se elimina esa Secretaría porque xa temos plena igualdade.

Pero como non acontece, e porque se crearon 2 Direccións xerais e unha delas precisamente é ocupada por un home, eso sí, digno maxistrado de violencia de xénero, pero como imaxe, como imaxe, eu non discuto da capacidade que poida ter ese maxistrado, pero como imaxe si que tiña que ser unha muller, a menos, a que ocupara ese cargo. E por todo esto, nós entendemos e apoiamos esta moción e entendemos que temos que seguir traballando porque temos que seguir traballando pola Igualdade. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A realidade é moi distinta do que acaba de contar a Sra.Olaia, porque creo que temos unha Consellería de Política Social e de Igualdade, creo que a conselleira está nos consellos da Xunta todos os días e todas as semanas, e ademais está por riba dunha Secretaría Xeral. A realidade é que queremos volver atrás? Queremos volvernos a equivocar unha vez máis?

O 18 de febreiro de esta ano 2024, foron as eleccións da comunidade autónoma galega.
Con uns resultados incuestionables, donde o presidente, Alfonso Rueda Valenzuela formou goberno, entre as distintas Consellerías se creou a: Consellería de Política Social e Igualdade. Entonces que pasa, que a Consellería é menos que unha Secretaría Xeral? Pero a quen lle queren facer crer esto? Paréceme incrible, paréceme incrible que queiramos ir para atrás neste sentido. Home, as mulleres non van poder estar contentas.
Se de verdade queremos defender a Igualdade e a Violencia de Xénero non podemos dar marcha atrás neste sentido.

A todo esto o compromiso do Goberno galego coa Igualdade e a loita contra a violencia de xénero é incuestionable. Un compromiso que se renova ano tras ano:

- con máis investimento, xa que neste 2024 multiplicamos por catro o orzamento nesta materia.

- e con novas iniciativas**,** como a nova Lei para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes aprobada a finais do ano pasado no Parlamento Galego.

Sra.Olaia, creo que vostede ten alí representantes e soupo como se aprobou e que se aprobou. E o que se fixo foi a Xunta redobrar os esforzos na Lei de Igualdade nesta nova etapa. De xeito que a comunidade convertese en pionera, dada por unha aposta sen precedentes, por parte do goberno galego. A contar cunha das áreas e especialidades en cada ámbito, é dicir, temos a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, **e**quivalente a unha Secretaría, porque llo expliquei o outro día en Portavoces. Mire**,** a Secretaría xeral de Urbanismo, no ano 2009 e hoxe é directora xeral, é a mesma persoa e ten as mesmas competencias. O que pasa é que está baixo unha Consellería. Como estaba antes a Secretaría Xeral. Esa é a realidade, unha Galicia en que as mulleres poidan desenvolver o proxecto vital que elas elixan.

E por outro, unha Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, que permitirá atender mellor a todas as vítimas e, sobre todo, traballar na prevención de episodios e escenarios machistas.

Para iso, poñeremos o foco non só nas mulleres vítimas, senón tamén nos menores de idade que están expostos a conductas de violencia que crean estigma.

De feito, ao fronte está unha persoa especializada na materia —como maxistrado do xulgado de violencia de xénero da Coruña. Algo que creo que temos que agradecer ao goberno galego, que vaia nesa dirección para defender e para que haiba esa igualdade real que é o que buscamos.

Agora non podemos alarmar e intentar poñer as cousas ao revés do que son. Agora vostedes sabrán o que van a facer.

Mire , non se volvan a equivocar unha vez máis como fixeron coa Lei do Si é Si, porque votaron a favor e viron o que pasou. Non se volvan a equivocar. Por favor, non se volvan a equivocar porque ao final eso conleva complicacións e problemas para moita xente. E neste caso, creo que estamos falando de algo que non ten nada que ver co que vostede espuxo aquí eh. Todo o contrario, a realidade é algo moi distinto. Moi distinto, ao que vostede expuxo. Polo tanto, aconséllolles que non se equivoquen e que non voten a favor desta moción. Porque ao final acabaremos tendo que modificar se algún día se leva a cabo, o sistema. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: estaría ben ese argumento se fose verdade Germán. Eu persoalmente das túas intencións non dubido. Dubido das políticas que está a facer o Partido Popular, e que nos afectan a todos e a todas porque a igualdade é unha cuestión que nos afecta a todos e todas. Hoxe hai unhas semanas, máis de 40 organizacións pediron que revertisen esto, foron ata a Xunta, a Valedora do Pobo, e concentráronse máis de 40 asociacións do país e que estivera dende a Consellería de Presidencia. Eu por que lle quería explicar no primeiro punto, que eu sei que a comprensión ten que vir da casa, que aquí non se reparte, pero quéroslle decir aos Sres.do Partido Popular que a Secretaría xeral de Igualdade é a parte técnica que ten que

traballar. Dá igual como lle chamen ás Consellerías, que sempre Social e de Igualdade. Téñolle que decir, a igualdade non é só no ámbito social, é na industria, é no mar, é no agro, é no ensino, é algo transversal. Por eso, a Secretaría Xeral ten que estar na Consellería de Presidencia, pero é verdade que vostedes fan esto por primeira vez, por primeira vez dan pasos atrás, pero que tamén cumplen a súa propia lei dende menos do 40% nese consello da Xunta de mulleres. Igual revertindo esto habería que indicarlles en que estaban cumplindo a lei. A Secretaría ten que volver e non creo que decir que dúas Direccións separadas…. Pregúntolle de verdade: vostede cré que a loita contra a violencia machista e igualdade son cousas separadas? Das que se teñen que tratar en compartimentos e en Direccións separadas, ou que teñen que ter a mesma prisma e unha Dirección común? Para eso estaba a Secretaría Xeral de Igualdade, que repito, nós o que avogamos é que esté en Presidencia, como estivo cando o nacionalismo gobernaba este país.
Rebaixar a área do goberno de Igualdade é un paso de xigante contra a axenda feminista, que logo nos encanta poñer o lazo violeta en datas concretas. E asumir o discurso de " xa avanzamos abondo" . Pero tamén lle advirto Germán, que non vai ser a resposta. Como líderes da oposición no Parlamento Galego, vannos ter diante denunciando cada retroceso e ofrecendo alternativas. Pero non só porque en Narón non nos vale….aquí pedimos de todo e logo na Xunta decimos que non facemos …. Decimos que está ben.
As veciñas e veciños de Narón son intelixentes. E son as que ordenan e mandan. E as súas decisións quítanlles a carauta e quérolle decir Sr.Germán Castrillón, xa que fala de datos, que en Narón e tamén nas 7 cidades por diante de Narón, o partido popular perdeu a súa maioría absoluta. Eu sei que están preocupados e preocupadas porque os traballos e as cousas non se consiguen ás veces do día á noite, pero nós sabemos que se está avanzando para cambiar.
É necesario ese cambio porque xa estamos vendo que algo que non levaban no programa electoral non lles costou nada desfacer en 5 minutos. E lle digo unha cousa: fóra hai un movemento feminista forte e organizado e as cousas non se consiguen ás veces do día á noite, e vostede sabe coma min, que non se atreveron máis por eso. Galiza liderou as organizacións feministas de todo o estado, masivas dos últimos anos e fixo como xa se dixo antes, recuar en decisións como pechar o paritorio de Verín. Hai 20 días, remato eses máis de 40 colectivos, pedíndolles que deran a volta atrás, unha rectificación, non están equivocados 40 colectivos. Hai unha decisión política detrás de calado, quiten a carauta, rectifiquen e sigamos traballando pola igualdade e pola loita contra a violencia machista, porque non é dabondo o que xa se fixo. Fai falta facer moitísimo máis.

-Sr.Castrillón Permuy: como dixo, este é un debate entre dous, entonces imos seguir porque entendemos que falamos de todo menos do que tiñamos que falar, porque fumos falando de cousas e ao final se foron cambiando, e ao final aí quedan e tal,…. Mire temos claro que o levamos no noso programa electoral, que imos cumprir o que levamos e hai cousas que non levamos no programa electoral, porque se estaba gobernando e se estaban facendo polo tanto, xa non tiñan que ir no programa electoral.
E seguimos fortalecendo eses campos aínda que vostede queira ver o contrario porque quere demostrar de que están na razón, e se equivocaron e eses colectivos dos que me fala, sabemos que colectivos son e é unha minoría, vostede sabe que é unha minoría… o que pasa que nos quere facer eso. Mire, como decía ao principio, o compromiso do goberno coa igualdade e coa

violencia de xénero é incuestionable, incustionable e levamos moitos anos facéndoo e seguirémolo facendo e traballando para que así sexa.
Podería decir o mesmo o BNG? que apoiou a lei máis prexudicial para as vítimas de violencia de xénero. Podíamos decilo? Podía decir o BNG que posiblemente votou en contra da reforma da dita lei, que preveía elevar as penas aos agresores sexuais ata equiparalas as penas máximas da lei anterior. Podería decilo?
Os feitos do goberno da Xunta que continúa traballando para mire:
-Intensificar a sensibilización mediante protocolo, de actuación de violencias sexuais de LGTBIfóbicas no ocio nocturno, que todos aqueles eventos nocturnos que teñan unha importancia amplia poidan solicitar á Xunta esa información, e lles veñen a estar alí dándolles información e axudándolles. Mire, o seu propio goberno nalgúns concellos estanno facendo, solicitando ese servicio a Xunta.
-Mire, reforzar a prevención coa creación de espazos urbanos libres de violencia. Anote.
-Mellorar a atención as vítimas con un impulso dos 5 centros de crise de 24 horas, que ofrecerán unha atención integral ás vítimas. Eso é o que vai facer o goberno galego.
-E consolidar a actuación entre institucións e resto da sociedade.
De verdade eh, non se volvan a equivocar como cando votaron a lei de máis peligrosidade para as vítimas de violencia de xénero. Non se volvan a equivocar hoxe aquí no Pleno de Narón. LLelo repito. Ou como cando se quería convencer de que había que volver a reiniciar os trámites da Lei do litoral. Recórdase Sra.Olaia? mire, vostedes van a votar en contra de que se avance na promoción de igualdade. Hoxe aquí si votan no sentido que van a votar, que está programado. Así é certo. E é triste decilo, pero van a votar a favor da violencia de xénero. Porque volvemos cara atrás e é triste decilo. Recapaciten, sexan conscientes do que van a votar, e despois dos feitos pouco valen as lamentacións.
Que foi o que ocorreu na lei do Si é Si. E non o volvan a facer hoxe, porque se van a volver a equivocar. E o goberno galego está poñendo máis medios que nunca. Porque somos conscientes de que hai que avanzar e de que hai que traballar na igualdade e na violencia de xénero. Sí que hai que avanzar. E que hai que traballar, e por eso se fixo esta modificación e se creou unha Consellería exclusivamente para igualdade.
Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: si, non me vou a estender porque vou a aplicar aquí a técnica de Confucio e pouco máis. Si que vou a incidir que na igualdade non só a violencia e o que se intente paliar, como dixo agora o Sr.portavoz do Partido Popular, pero xa que a menta, sí que imos a decir que a violencia é o problema máis importante que temos para a vida das mulleres, e que debe de ser unha prioridade e que esa prioridade no discurso de Rueda que foi bastante longo, durou 15 segundos.
E agora vemos o que está a acontecer quitando todas estas políticas e sinto que nos trate con tanto paternalismo porque lle vou decir que esto non é de minorías, que xa se están dando charlas, que hai concelleiras aquí que estivemos en charlas, por exemplo, da Marcha mundial das mulleres para alertar porque as mulleres nos organizamos, falamos e sabemos cando nos quitan dereitos, e sinto que nos trate con tal paternalismo, que nos diga o que está ben e o que está mal. O que está mal é o que están facendo e imos a loitar para rebatilo. Nada máis.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría, e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: 10 A favor
PP: 6 En contra
BNG: 3 A favor

PSdeG-PSOE: 2 A favor

10 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INICIAR OS TRÁMITES PARA A APROBACIÓN DUN GRAN PARQUE CANINO DE 2 HECTÁREAS.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

Hoxe nas nosas cidades os animais que conviven connosco son considerados coma un membro máis da familia. Os cans conviven con nós e, para o seu benestar, precisan coidados e ter zonas de esparcemento. Por iso, para o seu benestar poder contar con espazos grandes e de socialización é necesario.
Narón conta con parques caninos pero até o momento, ningún cunha dimensión que permita socializar e gozar da "liberdade" que sería recomendábel para estes animais. Ademais é unha demanda da cidadanía cada vez maior porque, afortunadamente, aumenta a conciencia do concepto do que é "coidar a un animal" e tamén, todos e todas sabemos dos beneficios que nos aporta a nivel persoal convivir con eles. Un can aporta cariño, amizade, sociabilidade e incluso, a nivel terapéutico, está comprobado que poden detectar picos de enfermidades como a glucemia ou beneficios para a saúde mental. Polo tanto, sabemos que na sociedade actual estes animais son unha parte fundamental da vida de moitas persoas e isto en si, é un reto para as administracións públicas e sobre todo para a máis próxima: o concello.
Por todo isto, ademais dos parques actuais de dimensións pequenas, Narón debe avanzar e ser referente na comarca cun parque de grandes dimensións entre 15.000 e 20.000 metros cadrados (2 hectáreas) onde cans de diferentes tamaños poidan socializar, correr, xogar; ter lugares de xogo con pasarelas, túneles, etc, e aproveitar as grandes dimensións para dotalos de bancos, fontes e áreas recreativas para persoas tamén. En definitiva, un punto de encontro para persoas e familias con animais felices.
Ademais, todos e todas queremos que os nosos cans se comporten dunha maneira axeitada e para iso tamén precisan de poder moverse sen necesidade de ir con correa en lugares seguros para eles e para as persoas en xeral. Concluímos, desta maneira, que iniciar un proxecto destas características tamén vale para concienciar de que un can non é un capricho se non que no momento en que adoptamos ten que ser algo que se queira polo conxunto das persoas que convivimos no noso fogar e co convencemento de todas as responsabilidades que conleva.
Esta inversión municipal pode ser decidida nos investimentos que a deputación a través do POS financia o noso concello ou terse en conta nos orzamentos vindeiros ou mesmo mediante modificado de crédito, sempre que a vontade municipal de Narón se pronuncie a favor.
Por todo isto solicitamos os seguintes acordos:
1.- Aprobación dun proxecto de parque canino de grandes dimensións (entre 1,5 e 2 hectáreas) que sexa un lugar de ocio para persoas e cans.
2.- Dar conta aos grupos municipais do progreso do acordo nas diferentes comisións informativas mensuais.

Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (1PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: si grazas, Sra.alcaldesa.
Nada aquí o que pedimos é un área recreativa para toda a veciñanza e na que poidan tamen estar os que sempre decimos, que son os nosos mellores amigos, os cans, un parque con extensións entre 15.000 e 20.000 metros cadrados, pero que sexa un punto de encontro con arborada, con ambigú, con rutas de senderismo, e tamén que os cans poidan estar ceibes, que sexa referencia na comarca, na provincia e xa que estamos ante un novo plan xeral, queremos que os servizos dotacionais teñan en conta esto. Eu non teño can pero sí que sei que hai máis de 7.000 cans censados no noso concello e eu que teño 2 nenos e 1 nena sei que hai máis cans ca nenos e nenas. Entón tamén creo que hai que dotalos de dereitos como, por certo, se prometían en programas electorais como o de Terra Galega, como o noso e nalgún máis. Entonces creo que debemos de cumplir os acordos, para eso veu aquí o BNG, e insistir no que consideramos necesario, no noso programa electoral e facemos este tipo de propostas que cremos insisto, que pode ser un punto de encontro na nosa comarca, e tamén na provincia. E ademáis xa hai anos, aí estamos de acordo, se fixo unha moción do Partido Popular. Dende aquela se fixeron 4 parques caninos e nas zonas urbanas, pero é verdade que a extensión é pequena, que non diferencian ao mellor entre tramos pequenos, grandes, e nós o que pedimos é que poidan estar como hai anos os cans no, que tamén poidan estar ceibes e que a xente que viva con eles nun piso, teña un espazo onde estar pero tamén persoas de todas as idades.
Por eso pedimos ese parque de grandes extensións onde se poida ir a tomar a merenda en familia, que se poida facer unha ruta de senderismo e que teña todas as dotacións posibles. Para eso estamos no, para cumplir os programas electorais. Pois nós aquí o traemos.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Pola nosa banda, o partido socialista vai apoiar como non pode ser doutra maneira esta moción, que realmente non necesitaba os votos do partido socialista porque según o que traslada a voceira do BNG, pois sí que estaban neste caso no programa electoral, tanto de Terra Galega como do BNG, polo tanto, entendo que é incoherencia de Terra Galega que cambiará e mudará o seu voto da abstención pois polo voto a favor.
Dito esto, sí que se necesita ese parque, pero dende o partido socialista tamén apostamos a que se achegue aos barrios ás zonas a que poidan neste caso, os cans cos donos, pois chegar andando sen ter a necesidade de coller o coche. Por eso aínda que non está no tema nin está contida nesta moción, si que me gustaría trasladar nesta moción conxunto de todas as forzas a poder dar neste caso, solución ou polo menos, algún tipo de proxecto a que nos distintos barrios de Narón, pois poida haber zonas, aínda que sexan pequenas onde poidan os cans neste caso, vivir en liberdade. Que é o que lles gusta a eles, que é o que lles gusta aos donos, que poidan ser felices e que incluso que poidan chegar a pé. Nada máis.

-Sr.Iglesias Blanco: buenas tardes Sra.alcaldesa .
Bueno, al fin vuelve a ver la luz el proyecto de un gran parque canino y no sabe Sra.Olaia, la alegría que nos ha dado ver esta moción llena de gran sensibilidad sobre la creación de un parque canino en Narón. Sabe, este grupo político presentó hace un par de legislaturas la siguiente moción: “Propoñer que se dote de un parque e servicios para os animais de compañía”. En la cual proponíamos, como usted propone pasarelas, lugares de juego….. casi lo mismo que hoy usted propone en su moción y le voy a decir cual fue la votación, tome nota por favor.
Todos en contra. ¿Sabe lo que pensé en aquel momento en el que todos los partidos políticos del gobierno local votaron en contra? pobres vecinos, no se merecen esto, no se merecen lo que está pasando, qué triste que se les perjudique y además teniendo que escuchar

comentarios burlescos y con chascarrillos en cada una de las participaciones de cada portavoz de aquella coalición, tales como "*que me pida vostede un parque para perros cuando temos nenos pasando fame*". Pues que quiere que le diga, la nave de recursos solidarios yo la vi bastante vacía, que es más grave. Y es sólo un ejemplo, son cosas que te revuelven algo dentro de ti.
O "*zonas de esparcimiento*", lo que me faltaba por oír, o "*non dou crédito que os cans teñan que ter un parque*". O "*qué es eso que un perro tenga que socializar*", o "*xa temos un gran e maravilloso parque no Cadaval rodeado de camelias*".
Claro, usted no estaba, ni el Sr.Ulla tampoco. Ustedes no son culpables del mal hacer de otros políticos.
Me alegra ver que hay dos BNG, uno cuando gobierna y otro cuando está en la oposición y que piensan de distinta manera, pero fue una pena esa pérdida de tiempo y nosotros sólo pedimos que esta vez, tengamos más suerte y no tengamos que escuchar semejantes barbaridades, faltas de toda sensibilidad de esta moción que usted nos presenta como representante de los vecinos, como sucedió en aquel entonces, porque mire algunos de los que votaron en contra, hoy usted los tiene aquí.
¿Sabe una cosa? la moción también la veo un poco floja como hecha de prisa y corriendo. ¿De dónde vamos a sacar los 15.000 metros cuadrados? ¿Dónde se pretende hacer el parque? Bueno, usted que tiene respuesta para casi todo, sabrá.
Miren señores y escuchen con atención….. si les apetece. En España en la actualidad, hay 7 millones de niños y 9 millones de perros, o sea, hay dos millones más de perros que de niños y sigue creciendo la diferencia.
Miren, el perro es un animal que puede ser muy terapéutico, le voy a poner ejemplos vividos. Una familia con un hijo con capacidades y necesidades diferentes a otros niños y le preguntan a ese niño, cuál es su mejor amigo y contesta que su perro; ¿saben por que? Porque con él puede interactuar, cosa que con otros niños de su edad tiene más dificultad.
O para una persona con dificultades visuales, su perro es imprescindible.
O un anciano en su soledad, cuanta compañía le hace y así podemos poner infinidad de casos.
Por eso, en algunos hogares ha dejado de ser una mascota y es más un pequeño amigo.
Los vecinos de Narón necesitan ese parque sí o sí. Ah, me olvidaba de decirles algo importante y que seguro que les trae a cuenta señores de Terra Galega.
Los perros no votan pero los dueños sí.
Y si es por el dinero, los perros a través de sus dueños también pagan impuestos, por ejemplo, cuando los dueños los llevan al veterinario, cuando sus dueños les compran comida etc, etc.
Mire Sra.Olaia y escúcheme por favor, nuestro compromiso es con el bienestar y el progreso de nuestros vecinos y sabemos que esta idea, al igual que la que propuso nuestro partido, esta diseñada para mejorar sus vidas y lo más importante es que las ideas se pongan en práctica por el bien de nuestros vecinos.
Por tanto, espero que salga adelante con el voto favorable de todos los grupos políticos y si esto sucede, que no vaya a parar a ese cajón donde parece duermen otras mociones aprobadas democráticamente por este Pleno.
Sra. Olaia, cuente por supuesto con el voto favorable del partido popular para pilotar dicha idea y si necesitase ayuda, aquí nos tiene.
Un ejemplo de este parque canino, es el de Mugardos. Quisiera que lo vieran. Es precioso. Y aquí tiene algo que ver con esto, a pequeña escala. Por que no podemos tener uno mejor que este? Si tenemos más medios.

-Sr.Romero Franco: ben, cada 4 anos hai eleccións, nos presentamos cada partido, presentamos os nosos programas e pola nosa parte, loxicamente nos enorgullecemos porque facemos casi un 100% do programa electoral. Neste caso imos a votar a favor porque levamos no noso programa como podedes ver, nesta revista que traigo hoxe aquí, pedirlle disculpas ao grupo nacionalista porque nesta ocasión, non vai a chegar a 1,5 hectáreas porque só contemplamos 14.000 m2 e na zona da Gándara; o proxecto loxicamente xa está pensado, xa está estudiado e xa está mirado na zona que se vai a realizar, e por eso loxicamente imos a votar a favor, e o levaremos a cabo como intentaremos levar a cabo todo o noso programa. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: se está estudiado e pensado, por favor, fagánolo coñecer porque non vaia ser qe pase como coas obras da Solaina, e teñamos que vir dentro de 4 anos a decir que está todo mal feito, pero si está estudiado e está pensado, por favor, fágano porque tamén estaba estudiado un proxecto integral para Río Seco, e non se puido incluir no POS porque non había tal proxecto. Entonces claro, se está estudiado e pensado, se está sobre papel por favor, enséñenno. Si só está estudado pois beno, quedámonos coa palabra e agradecemos o voto favorable.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

11 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA LEVAR A CABO UN ESTUDO PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS CIRCULAR E REFORZAR O SERVIZO DE FERROCARRIL NO CONCELLO DE NARÓN.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

PROPOSTA PARA LEVAR A CABO UN ESTUDO PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS CIRCULAR E REFORZAR SERVIZO DO FERROCARRIL NO CONCELLO DE NARÓN.

O transporte público de viaxeiros debería contribuír a solucionar as necesidades de mobilidade dos cidadáns, proporcionar unha maior conectividade, permitir obter unha maior eficiencia no gasto público, compromiso dunha mobilidade sostible e garantindo a rendibilidade das liñas para os operadores.

Tendo en conta que o transporte público nunca é dabondo e que non permite satisfacer ao cento por cento a toda a cidadanía, mais é o medio máis ecolóxico para os desprazamentos das persoas, a Xunta de Galicia ten feito importantes inversións, aínda que é preciso continuar avanzando para mellorar o servizo.

Lamentablemente, comprobamos que o Concello de Narón deixou de lado a súa responsabilidade en materia de transportes e, como consecuencia diso, a veciñanza de Narón non se beneficia de todas as potencialidades do transporte público.

Narón necesita crean unha liña de transporte de viaxeiros circula para que as veciñas e veciños poidan dispoñer de un servizo público de transportes para trasladarse as distintas zonas comerciais, polígonos industriais, centro médico, Institutos entre outros.

Punto aparte merece o tema do ferrocarril, aínda que non responsabilidade directa do Concello pero se a súa responsabilidade pola inacción correspondente de solicitar melloras, está a desaproveitarse o uso do tren. Somos dos poucos concellos que podemos presumir de ter dúas liñas de ferrocarril que discorren polo noso termo municipal (A liña Ferrol-Coruña e a liña Ferrol-Ortigueira). Pois ben, a pesar das numerosas queixas dos usuarios do servizo da antiga FEVE polo mal estado da infraestrutura, o concello non ten feito nada ao respecto. As deficiencias provocaban frecuentes retrasos e mesmo cancelacións de servizos, polas frecuentes avarías das máquinas.

Tamén e necesario un mellor control en mantemento das distintas paradas, o estado en todo o termo municipal é dende lamentable ata inexistente, por no falar da súa falta de homoxeneidade, Así, podemos atopar (paradas con o ancho de 1 metro para estacionar o autobús), paradas ocupadas polos colectores de RSU, paradas nas que o autobús ten que deterse en plena rúa, interrompendo a circulación para que suba ou baixen as persoas e, moitas delas, carecen da sinalización obrigatoria.

O goberno de Narón non pode escorrer o vulto dicindo que non lle corresponde. Consideramos que o goberno do Concello de Narón ten a obrigación de velar pola conservación, mantemento e sinalización das paradas correspondente ao transporte público e escolar que están situadas no Concello de Narón. Así como a información aos usuarios dos horarios do devandito transporte.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, **a adopción dos seguintes:**

Acordos

1- Instar o goberno do Concello de Narón, levar a cabo un estudo para a creación dunha liña de transporte de viaxeiros circular no concello de Narón para conectar os distintos barrios, con os centros comerciais, polígonos industriais, centro Médico, institutos, zonas de ocio, áreas recreativas, entre outros.
2- Considerando que o transporte público de viaxeiros debería de contribuír ás necesidades de mellorara a mobilidade dos cidadáns, e proporcionar unha maior conectividade, sendo o transporte público un dos sectores craves para reducir as emisións CO_2. Solicitamos ao goberno de Narón, dado o estado de abandono e deterioración en que se atopa a maioría das paradas e marquesiñas do transporte público e escolar realicen unha revisión de mantemento, conservación, reparación, accesibilidade así como a sinalización tanto horizontal como vertical.
3- Realizar unha campaña de promoción para fomentar o uso do transporte público no municipio de Narón, con horarios, roteiros e conectividade entre as distintas liñas.
4- Instar os responsables de RENFE-ADIF o cumprimento de horarios e frecuencias na liña de vía estreita desde Pedroso, Xuvia a Ferrol.

Narón, 18 de xuño de 2024
Germán Castrillón Permuy

E visto o ditame favorable por maioría con 3 votos a favor (1PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, presentamos esta proposta de moción para levar a cabo un estudio para a creación dun servicio de transporte de viaxeiros circular e reforzar o servicio de ferrocarril no Concello de Narón.

O transporte público de viaxeiros debería de contribuír a solucionar as necesidades de mobilidade dos cidadáns, e proporcionar unha maior conectividade.

Tendo en conta que o transporte público nunca e dabondo e que non permite satisfacer ao cento por cento de toda a cidadanía, mais é o medio máis ecolóxico para os desprazamentos das persoas.

O Concello de Narón deixou de lado a súa responsabilidade en materia de transporte e, como consecuencia diso, a veciñanza de Narón non se beneficia de todas as potencialidades do transporte público.

Narón necesita levar acabo un estudo para a creación dunha liña de transporte de viaxeiros propia, para que as veciñas e veciños poidan dispoñer de un servizo público de transporte para conectar os distintos barrios, cos centros comerciais, polígonos industriais, centro médico, institutos, zonas de ocio, áreas recreativas, entroutras.

Tamén e necesario un mellor control en mantemento das distintas paradas, o estado en todo o termo municipal é moi deficiente, en ocasións inexistente, por non falar da súa falta de homoxeneidade. Así, podemos atopar (paradas co ancho de 1 metro para estacionar o autobús), paradas ocupadas en parte polos colectores RSU, paradas nas que o autobús ten que deterse en plena rúa, interrompendo a circulación para que suban ou baixen as persoas e, moitas delas, carecen de sinalización obrigatoria.

Punto e aparte merece o do ferrocarril, aínda que non é responsabilidade directa do Concello pero si a súa responsabilidade pola inacción correspondente de solicitar melloras, está a desaproveitarse o uso do tren. Somos dos poucos concellos que podemos presumir de ter dúas liñas de ferrocarril que discorren polo noso termo municipal (A liña Ferrol-Coruña que desde a mancomunidade de Concellos se debería de traballar para darlle o impulso necesario para a sua urxente mellora), e temos a liña Ferrol- Ortigueira.

Pois ben, a pesar das numerosas queixas dos usuarios do servizo das destintas zonas por donde pasa, polo mal estado da infraestrutura, o concello non ten feito nada ao respecto. As deficiencias provocan frecuentes retrasos e mesmo cancelacións de servizos, polas frecuentes avarías das máquinas.

Podendo ser un dos mellores servizos de transporte público para as zonas do entorno de Pedroso, Ferrerías, Xuvia, o Ponto, Piñeiros, etc. e incluso podía ser un dos mellores servizos para os Institutos de Narón, se fóra de fiar o servizo.

Por todas estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o pleno da corporación, a adopción dos acordos aos que deu lectura o Sr. Secretario.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, ao igual que o que aconteceu no anterior punto pois o partido socialista, senón todos os puntos, si varios deles pois levaba no seu programa a creación dunha liña circular en transporte. Os programas son importantes e hai que cumplilos e teñen que ser un compromiso coa veciñanza.

Por certo, falabades antes do voso programa de Terra Galega, non vin aí a suba da auga de casi o 40%. Non sei onde estaba pero bueno, haberá que ler a letra pequena, igual estaba na letra pequena. É necesario a día de hoxe unha liña circular que dé servicio e cobertura a toda a veciñanza de Narón. É importante traballar e captar recursos, axudas da Unión Europea, axuda do estado, de Next Generation; por certo, esas axudas Next Generation que perdemos 2 millóns de euros. É importante solicitalas e sobre todo, sabelas xestionar, por eso lle digo, é importante, espero que apoiemos esta moción igual que todo, que vai polo beneficio de toda a veciñanza e votemos pola responsabilidade todos a favor.

-Sra.Ledo Díaz: ben, de novo nada, consideramos importante o estudio. Cremos que eso está ben. No de circular si que falaríamos ao mellor de alargadeiras. E de buses que leven a sitios concretos, como poden ser pois o centro de saúde ou o polígono do Río do Pozo, porque cremos que o transporte público ten que ser rápido e eficiente para que sexa usado e logo a respecto do que pon de liñas ferroviarias, nada que engadir, cremos que é importante e incidir nese aspecto, que algo que estamos a padecer toda a comarca e todo este país, menos a Madrid, estamos incomunicados prácticamente co resto do mundo e máis a xente que vivimos en Narón e comarca.
E o dos taxis alégrome realmente que se quitase, porque si que me producía certas contradicións que non se entendese como debían de funcionar, que están facendo outros concellos como un auténtico servicio público, actuando en determinados días, para ir a determinados sitios e cun convenio cos concellos para que sexa un transporte público e que a xente do rural teña os mesmos servizos que os que vivimos por exemplo, a carón da Estrada de Castela, onde hai un bus que nos pode levar dende Ferrol ata Neda. Pero repito, o transporte público ten que ser de calidade e ten que ser útil para que se use. Porque se vas tardar 2 horas en chegar a un destino que en coche che leva 10 minutos, pois se tes coche, non vas usar ese transporte público. E poño un exemplo, os países nórdicos, eses do benestar, eses que che pagan a carreira por estudar durante 6 anos, eses que saben o que é a xustiza social que ao final fai que as sociedades vivan en igualdade, que vivan en paz, os ricos collen o transporte público. Aquí non acontece porque é moi deficiente. E é moi deficiente, teño que volver á Xunta de Galicia, polas políticas que está aplicando, polas concesións casi ilegais que fan a mesma compañía en todos os sitios e porque hai que solucionar ese problema. De feito en Narón, xa hai un estudio do transporte público, os que estamos na plataforma por un transporte de calidade o sabemos, sabemos que foi entregado á Xunta de Galicia e deso xa falamos nunha moción hai meses, pero estamos de acordo no contido desta moción, que non soluciona as deficiencias pero sí fala de estudos e que tampouco ten acordos definitivos. Pero xa que mentan un problema que está a acontecer en Narón, o voto do Bloque Nacionalista Galego, como non podía ser doutra maneira, vai ser favorable.

-Sr.Romero Franco: ben, non me dou tempo a analizar todo o programa do concello da Coruña, do partido socialista pero tampouco atopei a subida das 7 ordenanzas de 22 creo que eran, que fai o Concello de Coruña. Tampouco o vin.
Ben, nós neste caso tamén imos a votar a favor deste punto, desta moción e a solicitude tamén de conversas a través dos taxistas do Concello de Narón para eliminar o punto 5, que nin eles nin nos, o veíamos adecuado.
Por outra parte, falar do primeiro punto que si que xa está feito ese estudio por parte ademáis da Xunta de Galicia, da Consellería de Infraestructura e Mobilidade. No segundo punto, si vedes as partidas normalmente que van nos orzamentos neste caso, na área de Servicios Externos, pois vai ese mantemento en substitución de marquesinas. Loxicamente vai unha

cantidade que se soe desenrolar durante todo o ano e a limpeza desas marquesinas, que se fai habitualmente en períodos de cando se vai empezar o curso escolar, e si que estamos de acordo en formalizar esa campaña de promoción e fomento do uso do transporte público no Concello de Narón.
E con respecto ao de instar aos responsables de Renfe Adif ao cumprimento de horarios e demais pois loxicamente xa non é a primeira nin a segunda das solicitudes que facemos, para que leven a cabo o servicio da mellor forma posible. Polo tanto, si, entendemos que son cousas que se están levando a cabo e si que imos a votar a favor. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, agradecer o voto a favor de todos os grupos, e entendemos que nós un pouco a moción ven neste mes, para que en previsión xa cara o próximo curso escolar porque nos atopamos en que todos os anos, cando chegaba o curso escolar, había esa deficiencia. Entonces me agrada que hoxe o portavoz de TEGA, neste momento recolla a proposta nosa e o teña en conta.
E despois do tema das marquesinas e todo eso, a nós parécenos moi ben que vaia nos orzamentos e encantados que vaian nos orzamentos, pero despois os orzamentos hai que executalos e hai que sacalos para diante; polo tanto, esperemos e desexamos que antes que finalicen os orzamentos deste ano, teñamos axeitadas varias das paradas e das marquesinas que están con deficiencias importantes. E se non corresponde ao concello facelo, pois que a administración que lle corresponda que o reclamen para que así o faga.
E con Feve, con Renfe agora na liña estreita, creo que hai que insistir e que dunha vez por todas se é necesario, pois haberá que cabrearse con eles no, pero non podemos ter esa liña tan abandoada e que tan bo servicio podería dar ao concello de Narón, aos veciños da zona por onde pasa. Polo tanto, é unha débeda que temos dende o grupo de goberno para que insista, e para que faiga valer os seus poderes, para entendernos, para que Renfe actualice e funcione e renove esas máquinas e faga un seguimento a diario do funcionamento desas liñas. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, por aclarar. 50.000 habitantes non ten o concello de Narón, co cal, a competencia neste caso, do transporte público non é do noso concello. Sexamos todos conscientes do que estamos a falar.
E nós tivemos xa varias reunións, a última con Judit Fontela, xefa territorial da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade, onde lle trasladábamos xa por enésima vez, a situación deste concello con respecto neste caso, pois as entradas e saídas dos institutos e proponíamos a creación dunha liña circular, se podían contemplar máis adentro, neste caso, do contrato que tiñan e de transporte. E a súa resposta foi que no, teño que agradecer de verdade o trato recibido, que non así con outros, neste caso, representantes doutras consellerías, pero aquí agradezo o seu trato.
Si que nos dixo que neste caso, nós que non podería ir a unha de mínimos porque realmente o que lle plantexabamos era en lugar desa liña circular con tantas frecuencias que servise para os institutos e para o resto da mobilidade das persoas do noso concello, que fora como mínimo que neste contrato que xa tiñan adxudicado que contemplaran esa entrada e saída dos colexios. A resposta foi que no, e adquirimos o compromiso de si se facía ese si no…. e o facía neste caso, durante un tempo e o financiaba o concello de Narón, na seguinte licitación se ía incluir. Eso é o que podemos decir.
Se podemos chegar a este curso pois o faremos. Evidentemente imos a traer unha modificación de crédito para poder levalo a cabo, porque nun inicio cando aprobamos os orzamentos non se contemplaba e estamos falando dunha cantidade que evidentemente

traeremos a este pleno para facer esa incorporación e que neste caso, pois agradeceremos que votedes a favor para poder realizalo. Sempre con ese compromiso. É dicir, que se faría ese simo co compromiso que na seguinte licitación, neste caso a Xunta de Galicia se fixera cargo. Porque se non, non ten moito sentido ir seguindo adquirindo competencias que non son nosas "seculum seculorum" sin ningún tipo de financiación.
Pasamos a votar a moción
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

12 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE REACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA ÁREA RECREATIVA DO CAMPO DAS ACEÑAS.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina,** en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

REACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA "ÁREA RECREATIVA DO CAMPO DAS ACEÑAS"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As áreas recreativas e parques urbanos son infraestruturas dinámicas, cunha importancia vital no desenvolvemento social económico e no benestar físico de residentes e usuarios deles, situación que non sempre é entendida polos gobernos.

No caso desta moción que traemos a pleno querémonos referir á zona coñecida como "Campo das Aceñas" e a súa contorna máis próxima.

Trátase dun emprazamento residencial, con máis de cincocentas vivendas nas proximidades, nas que se inclúen familias de todos os rangos de idade e polo que dende o Concello de Narón se debería xestionar o espazo dun xeito acorde ás necesidades reais da zona.

Así, non dispón dunha zona de descanso con bancos e mesas e tampouco conta con zonas de sombra para que as persoas que se acheguen encontren unha zona acolledora na que poder estar.

Mención aparte merece o estado do *skate park*. Tal e como quedou rematada a zona do *bowl* é impracticable, tal e como comentan os afeccionados que practican esta modalidade deportiva e coñecen de primeira man en que estado deben atoparse instalacións deste tipo.

Doutra banda, convén non esquecer que nos dous últimos anos se teñen executado catro obras cun importe próximo ao millón de euros, sen ter en conta o que se leva invertido na senda peonil, que a día de hoxe se trata dunha obra inacabada.

A realidade da situación é que, no caso de achegármonos á zona, atopámonos cunha sensación absoluta de abandono. Sinalemos, ao respecto, como exemplo, o seguinte:

Dun lado, as zonas verdes foron rozadas porque este grupo requiriuno por Rexistro e, aínda así, os restos quedaron sen recoller nas propias zonas verdes.

Doutro, os camiños da zona, así como a parte final do Camiño Inglés quedaron totalmente estragados e impracticables polo paso dos camións cos materiais para as obras. Neste punto quen subscribe se pregunta, como boa parte da veciñanza da zona que se puxo en contacto con nós, se ningún responsable do Concello (concelleiro de obras, concelleira de turismo,...) se preocupou de revisar o estado das obras e, no seu caso, de requirir ás empresas que reparen os danos causados.

Cómpre lembrar que se trata do Camiño Inglés, lugar polo que pasan numerosos peregrinos a diario, e que aumentará coa chegada do verán, do Camiño a San Andrés de Teixido e da senda que discorre dende o parque do Río Freixeiro ata Xubia. Unha zona destas características, que a veciñanza podería aproveitar ao aire libre, non pode ter o estado de abandono que presenta, froito da desidia do goberno local.

Polas razóns expostas neste documento, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao goberno de Narón a que se adopten de xeito inmediato todas as medidas precisas para corrixir as deficiencias de construción do *skate park*.

2.- Instar ao goberno de Narón á colocación de bancos, mesas e á plantación de especies arbóreas que permitan crear espazos de sombra para as persoas que se acheguen a este espazo e teñan un lugar acolledor no que estar.

3.- Instar ao goberno de Narón a rematar a senda no o treito do Camiño Inglés que discorre entre o Camiño das Aceñas e o Camiño do Peregrino debido ao seu gravísimo deterioro polo paso dos camións cos materiais para as obras así como a instalación da iluminación pública.

4.- Instar ao goberno de Narón a reparar a Rúa San Pedro e a entrada da Rúa San Xoan, por atoparse ambas as dúas nun estado lamentable de fochancas e cortes.

5.- Instar ao goberno de Narón á realización dun mantemento programado acorde ás necesidades de limpeza, mantemento e rozas da área recreativa do Campo das Aceñas e a senda do parque Río Freixeiro hasta Xubia.
Narón, 18 de xuño de 2024
Asdo.: Germán Castrillón Permuy”
E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor (1 PP, 1 BNG e 1 PSde G-PSOE) e 2 abstencións de TEGA, da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE
-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, presentamos esta moción para Reacondicionamento da contorna da "Área Recreativa do Campo das Aceñas".

As áreas recreativas e parques urbanos son infraestruturas dinámicas, cunha importancia vital no desenvolvemento social económico e no benestar físico de residentes e usuarios deles, situación que non sempre é entendida polos gobernos.

No caso desta moción que traemos a pleno, queremos referirnos á zona coñecida como "Campo das Aceñas" e a súa contorna máis próxima.

Trátase dun emprazamento residencial, con máis de cincocentas vivendas nas proximidades, nas que se inclúen familias de todos os rangos de idade e polo que dende o Concello de Narón se debería de xestionar o espazo dun xeito acorde ás necesidades reais da zona.

Non dispón dunha zona de descanso con bancos e mesas, e tampouco conta con zonas de sombra para que as persoas que se acheguen, encontren unha zona acolledora na que poder estar.

Mención aparte merece o estado do *skate park*. Tal e como quedou rematada a zona do *bowl* é impracticable, ese é o comentario dos afeccionados que practican esta modalidade deportiva e coñecen de primeira man en que estado deben atoparse unhas instalacións deste tipo.

Doutra banda, convén non esquecer que nos dous últimos anos se teñen executado catro obras cun importe próximo ao millón de euros, sen ter en conta o que se leva invertido na senda peonil, que a día de hoxe se trata dunha obra inacabada.

A realidade da situación é que, no caso de achegarnos á zona, atopámonos cunha sensación absoluta de abandono.

Dun lado, as zonas verdes foron rozadas con toda a urxencia, quedando os restos sen recoller nas propias zonas verdes.

Doutro, os camiños da zona, así como a parte final do Camiño Inglés quedaron totalmente estragados e impracticables polo paso dos camións cos materiais para as obras. Neste caso nos preguntamos, se ningún responsable do Concello (concelleiro de obras, concelleira de turismo,...) ningún se preocupou de revisar o entorno e o estado das obras e, no seu caso, de requirir ás empresas que reparen os danos ocasionados.

Cómpre lembrar que se trata do Camiño Inglés, lugar polo que pasan numerosos peregrinos a diario, e que aumentará coa chegada do verán, do Camiño a San Andrés de Teixido, a senda que discorre dende o parque do Río Freixeiro ata Xubia. Unha zona destas características, non pode ter o estado de abandono que presenta. Doutra banda, se estivesen colocados uns bancos, mesas e unhas árbores que permitiran crear espazos de sombra para que a propia veciñanza os poida disfrutar ao aire libre, e incluso para os propios camiñantes e peregrinos como unha área de descanso.

Polas razóns expostas neste documento, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos acordos que deu lectura o Sr.Secretario.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Por non redundar moito máis na exposición que fixo o portavoz do PP a cal comparto ao 100%, non vou xa facer fincapé na chapuza do bowl. Eso vai quedar aí, esto non ten arranxo, salvo que fagamos outro proxecto e arranxemos e modifiquemos de raíz o bowl, é practicamente impracticable. Eu o que quero chamar a atención dos acordos plenarios. Fareille tamén reflexión respecto a este punto en Rogos e Preguntas Sra.alcaldesa, pero chama poderosamente a atención nesa zona aprobaronse moitas mocións en relación ao funcionamento e en relación á contorna.
A primeira, o camiño inglés, unha moción do Partido Popular e aínda non se fixo nada. A oficina de turismo sigue en Freixeiro, non se cambiou, non se mudou de sitio. Seguimos e seguimos. Aprobouse no Pleno e aprobouse crear de maneira urxente un parque multixogos infantil tamén para esa contorna, e unha pista multideportes. A día de hoxe, estou seguro, que non fixeron nin encargaron o proxecto.
Entón, non veñan agora a votar a favor por quedar ben porque é o que fan agora, o que fan agora é votar as mocións que saben que van a perder cando realmente non é a súa vontade política facelo. Pero bueno, alá vostedes, mentres vaian cumplindo os acordos plenarios non hai ningún problema porque ganará a veciñanza.

-Sra.Ledo Díaz: si, grazas. A ver, nada, parécenos correcto que se traia aquí ao pleno e piden nos acordos o que xa pedimos hai uns meses como BNG e por Rexistro, que nos dixeron por certo, que se ía a solventar; sí que é verdade o do bowl, que a nós derónnos aviso que aparezan persoas que practican ese deporte que empezaban a arreglar as deficiencias, quero decir que non é skate park, como pon a moción no, é bowl pero polo demais consideramos que é necesario, polo que nada, non me vou a estender máis que hai outra moción si sae adiante a urxente.

-Sr.Romero Franco: mire se imos a votar a favor e darnos presa en facer as cousas, que metade delas xa están feitas. Por unha parte, vou a empezar polo último, non sei se o comprobaron “instar ao Goberno de Narón a realización dun mantemento programado acorde ás necesidades de limpeza, mantemento e rozas da área recreativa do Campo das Aceñas e a senda do parque Río Freixeiro hasta Xubia”. Non sei se pasaron por alí pero me comunicaron que xa estaba esa limpeza feita.
Con respecto ao bowl, como xa o explicamos noutras ocasións anteriores, xa se fixo ese muro de contención para parar esas humidades que podían facer chegar a parte onde se pode practicar co skate. Por outra parte, as grietas sí que xa estaba previsto para antes, pero a verdade que as condicións climatolóxicas impediron que se puideran empezar a actuar neles e por outra banda, a colocación de bancos, mesas … xa era un compromiso que xa estaba adquirido e dende logo que se vai a levar a cabo.
Por parte de rematar esa senda, do treito, en principio a senda non vai por alí, é dominio de costas e en principio non podemos ter ningún tipo de actuación naquela …. Tras unha reunión mantida co xefe de Demarcación de Costas, de forma verbal sí que trasladaron a posibilidade de que podamos adecentar aquel tramo, e unha vez que teñamos oficialmente ese compromiso, pois sí que actuaremos polo menos, para adecentar aquela zona.

E nada máis, entón imos a votar neste caso, a favor desta moción. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, estamos hoxe de sorte entonces. Grazas por votarnos a favor, pero me gustaría Sr.Román principalmente: que prazo temos para executar esas obras que me di vostede, algunhas xa están en marcha, pero temos a dúbida de que o que se está facendo sexa a solución, e creo que o bowl necesita actuacións interiores dentro do bowl, non valen as exteriores solas. Entonces gustaríanos saber tamén como está eso. Que acordo hai coa empresa, que se vai a facer deso? E despois sobre o tema de Costas, home, eu non pido que asfalten ese camiño nin moito menos pero home, eu creo que as empresas que moveron os transportes pesados e todo eso, que deixaron o camiño destrozado, non digo que se teña que pagar con fondos municipais, digo que as empresas deben de cumplir e reparala. E se o concello ten que pedir autorización a Costas, pois home, é un expediente máis, é un trámite, e posiblemente Costas poña unhas condicións, un material que se poida utilizar, pero o que non podemos é ter o camiño inglés así e o entorno todo aquelo. Quero decir, creo que hai que movelo dende o concello e non digo que teña que ser… é dicir, se alguén o estropeou, pois hai que procurar controlar e que alguén o repare e neste caso, creo que foron as empresas que estiveron alí porque nos din os veciños do entorno porque é ben certo, que nós non estamos todos os días vendo quen pasa polo camiño, pero as persoas que viven alí sí que son coñecedoras e si que saben que os camións que moveron material da zona, pois que pasaron por alí e que deixaron o camiño moi deteriorado.
E despois hai outro tema, que creo que a parte final desa senda pois home, deixala sen alumeado público, creo que non é moi coherente. Creo que se lle debería de avanzar nesa dirección e despois nos queda a rúa San Pedro e a entrada da Rúa San Xoán, que tamén necesitan de urxencia que a reparen.
Esperemos… desexamos que antes de que remate o verán, pois que teñamos esto solventado porque se non imos pasar o inverno penoso nese entorno. Nada máis e moitas grazas.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

13 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE MANTEMENTO DO CONTRATO DE DESENVOLVEMENTO DOS OBRADOIROS DO CORO INFANTIL E XUVENIL DO CONCELLO DE NARÓN.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Dos grupos reclamando instar ó goberno municipal ó "MANTEMENTO DO CONTRATO DE <<DESENVOLVEMENTO DOS OBRADOIROS DE CORO INFANTIL E XUVENIL DO CONCELLO DE NARÓN>>".

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Ante a finalización do contrato encargado dos obradoiros de coros do noso Concello e a falla de interese por parte do goberno municipal da súa continuidade. Este grupo municipal pola súa labor pedagóxica e social insta ao goberno municipal a que manteña vixente dito contrato para o vindeiro curso escolar e os seguintes.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Goberno Municipal a que se adopte as medidas legais e orzamentarias oportunas para a prórroga e posterior nova licitación do contrato "Desenvolvemento dos obradoiros de coro infantil e xuvenil do concello de Narón".

Narón a 18 de xuño de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

E visto o ditame favorable por unanimidade, da Xunta de Portavoces de data 21-06-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Visto o comentado na Xunta de voceiros e trasladado por parte do equipo de goberno que xa se estaban traballando en volver a licitar neste caso o programa e o contrato que atinxe aos coros municipais, en concreto os obradoiros do coro infantil e xuvenil do Concello de Narón, bueno, o partido socialista o que ten que trasladar é ao fío do que se ven trasladando pois nas distintas mocións, o que veñen decindo. Hai unha diferencia substancial entre casualidade e causalidade. Hai casualidade pois cando o BNG presenta unha moción para que se conforme e elixa xa a Xunta do Padroado de Deportes e no momento de presentarse esa moción, aparece xa a convocatoria. Hai casualidade cando o Partido Popular presenta unha moción para solucionar a problemática das moscas do Val e aparece unha convocatoria da comisión das moscas do Val. Hai causalidade cando o partido socialista presenta esta moción tendo información de que por parte do equipo de goberno non quere continuar desenvolvendo e prorrogando o dito programa e neste caso, por parte da Alcaldía na Xunta de voceiros, di que esto non é así.

Non estamos ante casualidades Sra.alcaldesa. Estamos ante causalidades. É unha reacción de causa-efecto. A causa, é moi sinxela, vostedes non teñen maioría. O efecto: que están perdendo.

Entón como non, perden e perden as mocións o que fan é non cumplen os acordos plenarios. Polo menos interese non teñen.

E se tiveran maioría hoxe, teríamos un 40% máis da suba da auga, hoxe o servicio de madrugadores non sería unha realidade e tantas e tantas mocións que foron aprobadas ao longo deste ano.

Polo tanto, Sra.alcaldesa, deixémonos de tanta casualidade e miremos máis a causalidade. Por último e xa para que conste e quede claro, tamén lle digo unha cousa. Que non sirva como

excusa que a oposición lles está apretando o zapato e que teñen que recortar gastos. Que non lles sirva de excusa. O que teñen é que xestionar. Xa llo dixen moitas veces, xestione mellor os recursos dos impostos máis altos da comarca.

-Sra.Ledo Díaz: nós pensamos sinceramente que despois da Xunta de Portavoces, que íades a retirar a moción porque xa se estaba a levar e que tiñades a oportunidade de presentar outra, mais si que queríamos decir que nós preguntamos no seu momento porque coñecemos o que estaba a acontecer e que dixeron as monitoras, e se nos dixo que si, que antes de presentar esta moción que si que Narón non ía a quedar sin coro e que confirmaba que se ía a preparar esa licitación. Por eso nós aprobamos daquela e vimos que tal e así llo comunicamos ás familias que coñecemos que están afectadas. E quero decir que eses acordos agora xa son unha realidade e de todas maneiras xa que non se retirou a moción imos votala a favor porque está claro que estamos de acordo no que aparece aí.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra. alcaldesa.
A realidade é que polo que estamos vendo está en camiño de que se volva a licitar, estamos a favor desta moción e consideramos que son servicios moi necesaros e que bueno, as familias que o necesitan. Polo tanto, non podemos deixar de estar a favor e de que dende o concello, pois que se axilice o máximo posible para que non haiba retrasos na convocatoria e na licitación en sí. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, pois neste caso a causalidade é moi curiosa porque eu me invento un problema e traigo unha moción para poñer unha solución. Non sei de onde sacamos ou de onde preveemos que vai haber unha continuidade destes coros, entón poñemos un problema e traemos unha moción aquí ao pleno para decir: “tranquilos, xa o partido socialista pon a solución a este problema”. Pois no, invéntese outras cousas porque neste caso, non é así. Non houbo en ningún momento ningunha intención de non licitar estes contratos, simplemente en xuño acaba o contrato, se vai a volver a licitar como xa estaba planificado. Entón deixemos de inventar cousas e solucións a cousas que non existen. Nada máis, moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Polo visto parece que estamos nunha película de ciencia ficción.
A ver, imos poñer un suposto, é posible que haxa pais que inventaran e que fixeran ou buscado recollida de firmas para que volva seguir co servicio de coros? Debe de ser unha ficción, non debeu nunca acontecer.
E certo, que dende este concello, dende a concellería encargada e delegada da área se falou coa empresa para decir que non se ía continuar? Tamén debe ser ciencia ficción, debe ser ciencia ficción. Verdad? Si, nós actuamos con responsabilidade. E o que non é ciencia ficción é que nos utilicen como excusa á oposició,n decindo que lles apreta o zapato para intentar neste caso, eliminar e recortar.

Intentan recortar, pero non nos voten a culpa a nós. Recorten onde teñan que recortar, xestionen ben os cartos, xestionen os tributos máis altos de toda a comarca. Eso é o que teñen que facer en vez de seguir subindo os tributos.

-Sr.Romero Franco: que non é certo que por parte da concelleira, neste caso, se puxo en comunicación de ninguén, que non se ía a continuar con este servizo e como dixen antes, nos volvemos a inventar un problema e lle poñemos unha solución. E volvo a repetir: en ningun momento se plantexou parar con este programa e así seguiremos.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.
Qué importante é que se graben os plenos. É moi importante, é moi importante porque este video seguramente o verán eses pais, e veranno eses mestres, véranno incluso a empresa concesionaria e dirán : " oh, sorpresa, había unha película de ciencia ficción". Non nos enteramos. Cando houbo esa chamada pensei que estaba confundida, debía ser neste caso, outro programa, outro contrato o que non se ía licitar. Ao mellor era o de danza moderna. Igual era esa, si. A escola de danza moderna igual é esa, debe ser que esa tampouco se vai licitar.
Pero bueno, indistintamente do que se tratou hai unha realidade. A realidade é que os coros hoxe non siguen pola vontade de Terra Galega, seguen porque Terra Galega hoxe está en minoría. E hoxe con esta moción o único que fai é xustificar unha vez máis de cara a cidadanía que lles vaian perdendo o medo. Vale? Que lles vaian perdendo o medo a Terra Galega. Vostedes xa non teñen a maioría. Xa non asustan.

-Sra.alcaldesa: bueno, eu se asustamos a alguén pido disculpas que nunca foi a nosa intención facelo. E ata onde eu sei, non temos clases de danza moderna, creo que neste concello non. Non sei se estaba falando doutros concellos pero neste non. E que quede claro e si que está grabado aquí o digo, é dicir, nunca tivemos intención de deixar de facer coros en Narón. Nunca.
Entón se a alguén llo trasladaron da nosa parte, que veñan aquí e nolo digan, é dicir, se hai un run run que non sei quen o xenerou non fumos nós, porque nunca tivemos intención de deixar de facer esa actividade.
Si temos intención de non facer danza moderna por onde eu sei, a día de hoxe, nin a temos nin temos intención de facela. Creo que hai bastantes escolas, neste caso, que non son municipais, que fan un bo traballo e que non imos a facer neste caso, competencia con ela.
Pasamos a votar a moción. Só unha cousa que me olvidei, a palabra "prórroga" eso que falaron na Xunta de Portavoces non o quitaron. Bueno……
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

14 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES:

A/ MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA E BNG PARA SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALIZA.-Lida polo secretario

xeral a moción que di así: Os Grupos Municipais Terra Galega e BNG no concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso da Autoestrada do Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ao Estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

Por último, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrencia competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

Por todo o exposto anteriormente, sométese a debate a presente moción e solicítase a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:

a) A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
c) O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.
3. Instar ó Goberno do Estado que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo Goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificacións da AP-9 e da AP53 do 75 %.

Narón, 26 de xuño de 2024

ROMÁN ROMERO FRANCO
Voceiro de TEGA

OLAIA LEDO DÍAZ
Voceira do BNG

<u>EMENDA DE SUBSTITUCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR</u>

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte

EMENDA DE SUSTITUCIÓN

O punto nº2 da moción do BNG e TEGA para solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia a Galiza:

"Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a encargaren UN ESTUDO en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalien os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9"

"

Instar á Xunta a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren se avalien os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP 9"

Narón,27 de xuño de 2024

Asdo:Germán Castrillón Permuy

Non se acepta esta emenda polos grupos políticos que presentaron esta moción.

<u>EMENDA PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE</u>

Doña Silvia María De Arriba Fernández, voceira Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **ENMENDA DE ADICIÓN:**

Á MOCIÓN CONXUNTA DE TEGA E BNG DO RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALIZA

"Instar ó Goberno do Estado que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, se continúe no camiño comezado polo Goberno de España no ano 2021, no marco cara á gratuidade das peaxes da AP-9, consolidándose co novo compromiso de bonificacións da AP-9 e da AP53 do 75 %."

Narón a 27 de xuño de 2024.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

É aceptada esta emenda e xa se incorporou ao texto da moción.

ALTERNATIVA DO BNG AO TEXTO DA EMENDA DE ADICIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE

"Instar ao Goberno do Estado que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, efectivice o compromiso de bonificacións da AP-9 e da AP-53 do 75% acadado e asinado co BNG".

Estando de acordo o PSdeG-PSOE con esta alternativa feita polo BNG, os acordos a aprobar desta moción quedarían do seguinte xeito:

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:
   a)A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.
   b) A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.
   c)O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.
2. Instar ao Goberno do Estado e á Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.
3. Instar ao Goberno do Estado que, mentres non se fagan efectivos os puntos precedentes, efectivice o compromiso de bonificacións da AP-9 e da AP-53 do 75% acadado e asinado co BNG.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: agradecer, que fixera esa emenda, que aceptara a transación o partido socialista porque é certo que cos 2 grupos que presentamos esta moción, xa había unha maioría para que saise neste pleno, pero consideramos que debería de ser aprobada por unanimidade.

E quero decir que non aceptamos a emenda de substitución do Partido Popular, do punto 2 porque non muda o sentido do que aparece no punto 1, cremos que é máis incompleto e ademais veñen de votar en contra onte no Parlamento Galego, porque entendemos que esto hoxe, xa non tería xeito. Ben, traemos algo que ven de vello que é a solicitude da concesión da AP-9 libre de peaxes e galega.

Sei que somos moi pesadas no BNG con esto, sabémolo pero que non podemos comprender neste caso, o xogo dos partidos estatais, do partido popular e do partido socialista, "tanto monta, monta tanto", cando gobernan no Estado. Hai unha concesión ilegal a 75 anos que ampliou Aznar xusto antes de vender fondos boitres a unha empresa americana, que se está forrando literalmente coas peaxes da AP 9 onde por certo, nese compendio estaba un tal Sr.Barcenas que recordarades naqueles sobres en B que lle daban entroutras persoas a M. Rajoy que a día de hoxe aínda non sabemos quen é .

O conxunto da sociedade galega leva sufrindo esto anos, unha concesión ilegal e non é suficiente o abaratamento da peaxes que si asinamos, por eso agradecemos nesa transacción de non continuar, senón que se execute xa o asinado do abaratamento ata o 75% cando agora xa é casi un 60% que se consigue grazas ao traballo do Bloque Nacionalista Galego no Congreso.

Decimos que non é suficiente e cremos que xa é o momento porque xa a Comisión Europea do ano 2021 abriu un expediente, bueno xa dixo que a concesión de Aznar era ilegal e no 2021 abriu un expediente de infracción o estado. Pero hai pouco, un pouquiño antes das eleccións europeas, abriulle outro expediente de infracción por considerar que as prórrogas da AP 9, esa saída principal que temos en Narón e que temos que pagar e que pagar, e que pagar se produciran de forma ilegal. De feito queremos que a Xunta estude esto e o Parlamento Galego, pero tamén o votaron en contra como non podía ser doutra maneira os Sres. do Partido Popular.

Mais recentemente poderíamos decir que o Ministerio debería cumplir tamén cos acordos, e facer un estudio serio e fiable sobre o verdadeiro custo de por fin a concesión da autoestrada do Atlántico porque agora, que si se aprobou no Congreso dos Diputados, valóranna en 6.000 millóns e logo di que no, que bueno, que a cifra son de 4.000 millóns de euros. Hai 2.000 de diferencia, eu non sei como se fan eses cálculos, pero non ven avalado, está claro por datos contrastados e algunhas outras estimacións de economistas sitúanno ao redor de 2.000 millóns, ou entre 2.000 e 3.000 . Bueno, aí hai unha diferenza de 1.000, é moitísimo para as economías familiares pero se ve que dos 6.000 aos 2.000-3.000 pois a diferenza xa non asusta tanto. Neste caso, cremos que é preciso lembrar que o goberno español procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2.300 millons de euros para ese abaratamento das peaxes ata o ano 2048. Que mellor que usar eses 2.300 millóns que teñen aparcados para en vez de regalarllos a empresa privada de capital foráneo e destinar eses mesmos recursos para converter gratuíta a AP 9 co positivo que eso tería para todos os galegos e galegas.

Así que tamén temos que decir que foron executados rescates mil millonarios, daquela gobernaba o partido popular, pero se gobernara o partido socialista igual era exactamente o mesmo con radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe … e o custo real, pero se fala tamén con estudos economistas de 4.000 millóns de euros, volvemos a cantidade que din que costa a AP 9 agora o ministro. No caso da AP 9 Galiza queremos decir que resulta evidente que é moito máis favorable polo número de usuarios que utilizan esa vía a diario.

E para poñer punto final, esa concesión que xa a Unión Europea nos dixo por 2 veces que era ilegal.

